

A NOSA TERRA

ANO XV • 19 DE MARZO • 1992

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 514 • 150 PTA.

Mary Nash: O plan de natalidade é unha forma encuberta de pedirlle á muller que abandoe o traballo

"Nos últimos cinco anos produciuse un cambio de mentalidade a respecto das mulleres", sinala Mary Nash, irlandesa, afincada na Catalunya e catedrática de historia contemporánea da Universitat de Barcelona. Mary Nash forma parte dun mesto grupo de mulleres que en varios países europeos puxeron en marcha na última década unha nova historiografía que revaloriza os aspectos sociais destas investigacións. Nese marco insírense os novedosos e ricos traballos que sobre a historia da muller se están a realizar. ♦

(Páxina 14 - 15)

Catalunya confirma o bon momento do nacionalismo na Europa

O nacionalismo catalán aumentou substancialmente os seus votos, cunha Esquerra Republicana de Catalunya, que obtivo cinco novos escaños, erixíndose na principal triunfadora destas eleccións. Jordi Pujol consegue revalidar a súa maioría abasoluta mentres a esquerda estatalista perde posicións, desaparecendo do mapa política catalán o CDS. ♦

(Páxina 7)

Mineiros checos tocan o piano en Cerceda

Fernando Martínez, o gran "valedor" de Cerceda, pillou a un par deles baixo unha fiestra da súa casa, onde a filla ensaiaba co piano. Os dous checos estaban a seguir o ritmo e, máis a ignorancia dunha lingua común, fixéronse entender para remataren sentados eles mesmos ante as teclas do piano, interpretando melodias universais cunhas mans de obreiro que contradicían todas as imaxes do virtuoso pianista. ♦

(Páxina 11)

A expedición do *Lusitania*, barco das flores, axudou a romper o cerco informativo e a falta de acción diplomática

Timor, o Kuwait silenciado



Unha representación do FRETILIN estivo presente na Galiza no 1984, na homenaxe a José Afonso.

XAN CARBALLA


Despois de dezasete anos, un territorio meirande que Kuwait situado nos mares do Sul da Asia, independente durante dez días da antiga metrópole portuguesa, segue invadido por tropas indonésias da ditadura de Suharto. A comunidade internacional non reaxe e Portugal non é capaz de levar a reclamación ao Consello de Seguridade da ONU. A matanza do 12 de Novembro e a recente expedición do *Lusitania Expresso* até o límite das augas territoriais timorenses axudan a que o mundo vire os ollos e contribua a rematar cun xenocidio que xa custou 200.000 vidas.

FERMÍN BOUZA-BREY E A SÚA OBRA LITERARIA

Ramiro Fonte

Un achegamento claro e
rigoroso ó autor que
protagoniza o Día das Letras,
Galegas en 1992

galaxia



Presentado o Plan Forestal A Xunta, primeira administración europea que pretende sustituir terra agrícola por forestal



O fomento da produción de madeira de crecemento rápido, con 12 millóns anuais de metros cúbicos, é o primeiro obxectivo do Plan Forestal (PF) da Xunta. A superficie prevista no Plan para o piñeiro e o eucalipto será de case un millón de hectáreas, cantidade superior ao total que hoxe ocupa a reserva forestal galega. A Xunta convírtese así na primeira Administración europea que cede á presión da CE para reforestar terras agrícolas e reducir excedentes agrarios ♦

(Páxina 5)

Invadido por Indonésia hai dezasete anos aínda non provocou unha reunión do Consello de Seguridade

Timor Leste, a nación que non conseguiu descolonizar Portugal

XAN CARBALLA-MANUEL VEIGA

O 12 de Novembro o exército de ocupación indonésio perpetraba no cimiterio de Santa Cruz unha masacre que voltaba a pór na actualidade a cruel realidade dunha

nación invadida ante o silencio da comunidade internacional. Catro meses despois, unha expedición de 150 estudantes de 23 nacionalidades acompañados, entre outras figuras, polo ex-presidente portugués Ramalho Eanes, achegábase até as beiras das augas territoriais a bordo do "Lusitania Expresso", o *barco das flores* que ía homenaxear á centena longa de mortos e a reclamar a atención internacional sobre a situación do povo maubere, sobre a independencia do Timor Leste.



A presenza indonésia prodúcese non só de forma militar senón coa prohibición da lingua maubere, (o tetum) e tamén do portugués.

Eran as 15,30 do Martes 10 de Marzo, cando un avión militar indonésio sobrevoou, rasante, por riba do ferry "Lusitania" para impedir que se achegara máis ás costas de Timor. O destino do barco que saíra semanas antes de Portugal, cunha escala no porto australiano de Darwin, era Díli, a capital do Timor, unha illa, ex-colonia portuguesa, invadida polas tropas do ditador Suharto o 7 de Decembro de 1975.

Até entrada a noite prolongáronse os voos e apareceu unha primeira fragata indonésia. As 7 da mañá do mércores Timor aparecía nas pantallas do radar do "Lusitania". Meia hora despois segundo describe o xornalista José Manuel Delgado, a bordo da cabina do barco, e cando xa eran tres as fragatas indonésias que rodeaban o barco e dous helicópteros a sobrevoar, o capitán recibiu un ultimato, que precedía ás posibles salvadas de aviso. Estando a dúas millas das augas territoriais do Timor o *Lusitania* virou e deitou no mar as flores que ían para o camposanto de Díli. Finalizaba así a primeira acción, nomeadamente dirixida á atención dos medios de comunicación, que conseguía remover as consciencias dunha comunidade internacional maniatada por intereses económicos co réxime ditatorial de Iakarta ou a presión do Estados Unidos, que de Novembro a Marzo puxe-

ra a súa postura no punto de partida: apoiar a un dos seus fillos de puta, Suharto. (Harry Truman, presidente norteamericano, fixo famosa a frase, referíndose a Somoza, "é un fillo de puta, pero é o noso fillo de puta")

No 1983 unha das poucas voces que se escoitaban en Portugal lembrando o xenocidio indonésio no Timor Leste, era a de José Afonso.

Silencios e frustracións

No 1983 unhas das poucas voces que se escoitaban en Portugal lembrando o xenocidio indonésio en curso no Timor Leste, era a de José Afonso. Cando *A Nosa Terra* o entrevistou no 1984 e cando se organizaba o festival de homenaxe *Galiza a José Afonso* o cantor de *Grândola* só puña unha condición: que se deses un papel relevante a unha re-

A solución está na ONU

Timor Leste é unha chisca máis extensa que o Kuwait. Indonésia é meirande que o Irak e está gobernada por un tirano sinalado internacionalmente. Ex-colonia portuguesa, Timor Leste beneficiouse do proceso descolonizador propiciado polo triunfo da Revolución do 25 de Abril do 1974 en Portugal, e mesmo a *FRETILIN*, a organización equivalente ao MPLA angolano ou á *FRELIMO* mozambicana, ocupou o poder durante dez días. Chegou o 7 de Decembro de 1975. Suharto, punta de lanza do Departamento de Estado americano, avalanzou as tropas indonésias, expertas na loita de guerrillas despois de

masacrar a case un millón de persoas amparándose na represión da insurxencia comunista.

Durante dezasete anos a diplomacia portuguesa foi incapaz de levar a primeiro plano da cena internacional esta invasión, e mesmo o trato que deu aos miles de exiliados que se refuxiaron na metrópole, sinalou como un baldón a súa irresponsabilidade permanente.

Produto da guerra fría, esta violación continuada do dereito internacional nunca chegou á axenda do Consello de Seguridade, e mesmo agora os gobernantes

portugueses, incluído o presidente Mário Soares, consideran que segue a non ser o momento oportuno "porque os americanos ían recusar calquer resolución". Ao pé desta inibición e axudados pola incapacidade de traspasar o silencio dos medios de comunicación, case ninguén soubo utilizar como argumento a paradoxa de trato entre o Timor e Kuwait, nos meses previos ao ataque aliado a Bagdad. Simplemente todos descoñecían en realidade o xenocidio silandeiro que se perpetraba contra o povo maubere.

A iniciativa do *Lusitania Expresso* perseguía romper con ese cerco informativo. Apenas o conseguíu

en Europa, onde fora mínimo o eco da matanza de Santa Cruz en Novembro. Nos Estados Unidos logrou algúns soltos interiores, mentres os principais diarios ignoraban a expedición, que afinal tiña que considerar un éxito os doce minutos emitidos pola CNN, alfándega do si ou do non das noticias. Fráncia prefire calar porque ten privilexiadas relacións comerciais con Iakarta, á que fornece material e transportes militares; Alemaña ten a boca pecha porque tamén dá trato preferente á ditadura de Suharto, á que vende produtos químicos e maquinaria. España pola súa parte privilexia a súa relación a cambio dos nove mil millóns de

exportacións a Iakarta en produtos químicos, siderúrxicos e equipamentos industriais.

Suman xa 200.000 os mártires timorenses, que levan vivindo dezasete anos en estado de sitio. As matanzas, como se demostrou o pasado 12 de Novembro, seguen sendo moeda habitual e produto dunha coidadosa planificación para estender o terror. Proíbese a lingua, obrígase a mudar os costumes e hábitos de vida e adoptar os indonésios, discrimínase aos funcionarios, baixo sospeita de simpatizar coa independencia, proíbese a difusión de toda caste de ideas que cuestionan a ocupación ou a califiquen de tal. A

O 4 de Novembro Xanana Gusmão, lider da FRETILIN, declaraba que quizais os timorenses non tiñan nada que esperar do goberno portugués.

presentación do Fretilin (a organización que agrupa aos movementos independentistas da illa).

Moi devagar, co fin da guerra fría axudando a desbloquear conflitos por ela xustificadas, a atención foi mudando, pésia á titubeante actitude que permanentemente tiveron os sucesivos gobernos portugueses. Por fin no 1990 anúnciase a chegada á excolonia dunha delegación parlamentar portuguesa, o que levanta expectativas e esperanzas entre a poboación. O clima de terror que impuxo o exército de ocupación está na orixe da terrible matanza perpetrada en Novembro do 91.

A narración do xornalista nortea-

mericano Allain Nairn, ferido cando quixo interpoñerse entre as tropas indonésias e os manifestantes do Timor, explica o ambiente que se viviu neses meses no Timor. "Unha semana antes da chegada da Delegación o Parlamento portugués estaba na boca de todos, timorenses e indonésios. A Indonésia tiña feito aos timorenses aquilo que se pode chamar unha ameaza de morte a escala nacional: avisouse que todos aqueles que falasen serían mortos á partida da delegación. O exército convocaba concentracións en aldeas e pequenas poboacións e os oradores eran comandantes ou autoridades que transmitían a ameaza. Sabíase así que os militares farián unha lista de todos aqueles que se aproximasen aos portugueses, ou lles falasen ou entoasen cánticos ou consignas contra a Indonésia. O bispo Ximenes Belo revelou que o exército ameazara expresamente de matar as familias implicadas até a sétima xeración. Os soldados chegaron a facer correr a noticia de que xa se abriran as foxas comuns. As ameazas eran confirmadas cunha intensificación dos casos de tortura, morte violenta e desaparicións. O clima xeral abalaba entre os que pensaban que o prezo a pagar pola visita era de moitas vidas, pero que axudaría a remover o caso na ONU e recoñecer o dereito de autodeterminación. Outros pensaban que non pagaba a pena ese sangue anunciado".

PEPE CARREIRO

Finalmente a visita marcada para o 4 de Novembro non se realizou, logo dunhas intensas negociacións. Xanana Gusmão, lider da FRETILIN declaraba que quizais os timorenses non tiñan nada que esperar do goberno portugués.

A matanza de Santa Cruz

Entre tres e cinco mil persoas se reuniran a mañá do 12 de Novembro pasado na Igrexa de Matael para homenaxear a Sebastião da Gama Rangel, un estudante asesinado no propio templo polas tropas indonésias o 28 de Outubro. Na Igrexa estivera agachado fuxindo das razzias previas á frustrada visita de deputados

a dramática situación do povo maubere.

Conseguida a independencia de Namibia, restaurada a soberanía feudal en Kuwait, desplegada a forza moral e militar dos cascos azuis nos puntos máis quentes do planeta, non se xustifica de modo algun a indecisión da diplomacia internacional. Os culpábeis son coñecidos e tamén os cómplices, pero non se deben esquecer as responsabilidades do Estado portugués como o Estado español non pode obviar que ten responsabilidades na definitiva reintegración da soberanía ao povo saharauí. ♦

A NOSA TERRA

portugueses. Rematada a misa dirixíronse ao cimiterio para ofrecer froles na tumba de Sebastião, rodeados por tropas e policía en actitude ameazante. Xuntáronse nun espácio acotado entre os muros do cimiterio civil e o militar indonésio. De repente as tropas cortáronlles as saídas. Allan Nairn cóntao, e fai lembrar a estarecedora crónica de Oriana Fallaci en Tattletolco no 1968.

(Pasa á páxina seguinte)




O Lusitania chegou ao borde das augas territoriais de Timor onde foi detido pola Mariña de guerra indonesia.

Xanana Gusmão, lider da guerrilla 'A nova orde mundial permitirá a revisión de situacións internacionais inxustas'

Quince anos no monte, dirixindo a loita armada contra Indonésia, Xanana Gusmão, lider indiscutíbel da resistencia timorense, móstrase aberto a negociacións baixo o patrocínio da ONU e a facer todo o posíbel para que o maubere non se extinga como povo.

Arredado da súa muller, Emília, e das súas dúas fillas, desde o 30 de Novembro de 1975 -prometeume non tardar máis dunha semana di Emília-, vive na clandestinidade do monte e constitúe a obsesión permanente do mando militar indonésio -que en público lle ofrece reintegrarse á vida normal do país. Dirixe unha guerrilla sostida pola poboación que ten como principal obxectivo restaurar os dereitos do Timor Leste, evitando os maiores danos posíbeis para os seus cidadáns.



"Todas as accións desenvolvidas por Indonésia, sinala Xanana Gusmão, tiveron un efecto contráreo ao por eles desexado. Tanto a esterilización das mulleres, como o programa de planeamento familiar ou a introdución de hábitos totalmente estranos á súa maneira de vivir, fixéronlle ver ao povo que o que querían os indonésios era o exterminio". "Sen dúbida, continua Gusmão, que no día a día ten que obedecer, debe cantar o himno de Indonésia e adaptarse para non ser perseguido, máis interiormente todos pensan que isto é temporal. A propia imposición é un dos factores que alimenta a vontade de loitar".

Na súa conversa co xornalista portugués, Gusmão valora tamén o papel da Igrexa: "A igrexa protexe, non recolle as persoas en casas, por exemplo, pero protesta contra os abusos e realiza denuncias. Son os *padres* os únicos que o poden facer".

'Todos pensan que isto é temporal'

No monte fica Xanana Gusmão. Recentemente xornalistas do Xapón e Portugal puideron conseguir un vídeo coas súas opinións, filmado coa axuda dos guerrilleiros do Falantil (forzas armadas do Fretilin). Gusmão explica, ao xornalista Mário Robalo, do *Expresso* portugués, os quince anos de resistencia: "É a conciencia de que se non loitamos morreremos como povo".


Para o líder guerrilleiro o papel da ONU non foi suficiente até agora. "Para nós que levamos 16 anos resistindo o importante é un fin rápido a este problema. Infelizmente sabemos que as cousas non suceden segundo os nosos desexos. Mais a ONU xa retomou a cuestión e eu estou disposto a me entrevistar co secretario xeral. Nós cremos que a guerra nunca mellorou nada, por iso a nosa prioridade é diplomática. Un papel esen-

cial correspóndelle á ONU e á propia Portugal".

Sobre a represión, Gusmão sinala que "as persecucións e torturas son agora máis veladas. Existen pero non se notan. Indonésia evita ter presos. Non fai xa prisioneiros nas prisións, senón nas propias casas. É unha situación difícil de denunciar".

Xanana Gusmão define tamén o tipo de sociedade que desexa o Fretilin: "Democrática. Un sistema parlamentario multipartidario, no que a iniciativa privada poida ser un elemento de desenvolvemento. Unha sociedade na que se respeten as liberdades individuais e os Dereitos da Persoa. Unha sociedade que conciba o progreso en termos de satisfacción non só material, senón tamén espiritual".

O líder timorense valora a nova actitude do Senado norteamericano que hoxe condeá a situación, mália que no seu día Kissinger dera o seu visto bó á ocupación por Indonésia. "Coloco isto, sobretudo, no contexto da nova orde mundial: se o Senado americano condeá hoxe esa actitude é polo feito de ter tomado conciencia de que a xusticia debe prevalecer. A nova orde mundial está a permitir a todos os gobernantes unha certa reflexión sobre as inxusticias practicadas pola propia comunidade internacional". ♦



situación é de tal terror, que os habitantes da illa apenas se atreven a emitir opinións sobre nengun tema. Aqueles que tiveran falado coa frustrada delegación parlamentar portuguesa, que ia visitar Timor en Outono pasado, estaban publicamente ameazados de morte, segundo testemuña o bispo da capital do Timor.

O Comité de Descolonización da ONU non recoñeceu a designación de Timor como provincia indonésia -atal facia Saddam Hussein con Kuwait ante a indignación internacional-, pero á esclerose da que deben comezar a sair as Nacións Unidas, aínda non lle chegou a hora de incluír na axenda

(Ven da páxina anterior)

"Asistíamos ao que eu xulgaba imposible: os soldados colocáronse de fronte para a multitude, ergueron os fusís-ametralladoras e comezaron sistematicamente a acribillar aos timorenses en fuga. Segundos despois de abriren fogo, os soldados lanzáronse sobre min e Amy [o axudante de son]. Brandindo as culatas dos M-16, arrincáronos todo o equipamento e botáronos ao chan cunha chuvia de pancadas.

"Os soldados abriron fogo sobre a moitedume espantada e, de contado, comezaron a tumbar corpos por todos lados. Vin aos soldados apuntar e atinxir nas costas de persoas que fuxian. Mataron xóvenes, mataron mulleres, mataron vellos timorenses, e continuaron a disparar durante longos minutos, indiscriminadamente. Saltaban sobre corpos caídos, á procura dos que aínda se mantiñan en pé. A atmósfera vibraba co estrépito das armas automáticas. Os soldados non paraban de tirar balas contra a multitude.

"Tratouse, claramente, dun asesiñato en masa, deliberado e planeado. Unha execución de civís desarmados e indefensos. Os soldados non se detiveron nen unha só vez cando se dirixían para a xente. Non emitiron nengun aviso, nen dispararon tiros ao ar. Non se rexistrou provocación algunha polos timorenses, nen unha pedrada. Tamén non se viron soldados a disparar pola súa propia iniciativa. A masacre tampouco foi precedida por unha situación de enfrentamento, das que se ve medrar a espiral da tensión incontrolábel. Pola forma como os soldados avanzaron sobre a xente, era evidente que tiñan ordes para matar. Actuaron fría e silenciosamente e non pararon de disparar, nen mesmo cando o chan ficou cuberto de cadavres e ensopado de sangue".

Inoperancia diplomática

O pasado fin de semana celebrouse en Lisboa unha conven-



A matanza do cemiterio de Santa Cruz alertou a conciencia dos portugueses.

ción por Timor, na que participaron máis dun cento de organizacións sociais, cívicas, sindicais, políticas e relixiosas. Segundo o xornal "Público" o clima era de optimismo coa convicción de que a máis tardar nun horizonte de dez anos o Timor tornará independente. Sinalouse a falla de presión diplomática, condicionada polo inequívoco apoio da Administración Bush ao réxime de Suharto. Precisamente a esperanza dunha mudanza do réxime de Iakarta alimenta a esperanza de cambios. No entanto a Convención suxeriu iniciativas que van desde a organización dun "tren por Timor" para percorrer Europa falando da situación á abertura dunha embaixada de Timor en Lisboa ou o envío masivo de cartas ao secretario xeral da ONU, Butros Ghali.

A esperanza dunha mudanza do réxime de Iakarta alimenta o anxeio de cambios.

A Convención sinalou a necesidade de presionar a Brasil para que aproveite o seu peso e actue en consecuencia no próximo Cume de Países Non-Aliados, a celebrar en Iakarta, e en xeral de Portugal e outras nacións na Asamblea Xeral da ONU no próximo Setembro. O certo é que dezasete anos despois de realizada a invasión Portugal, que neste primeiro semestre preside o Consello de Ministros da CEE non foi quen de convocar o Consello da Seguridade da ONU, sequer para tirar un pronunciamento pola invasión dun territorio invadido, de meirande extensión que o Kuwait.

Antiamericanismo crecente en Portugal

A invasión de Indonésia ocorreu nun dos picos críticos da guerra fría. As antigas colónias portuguesas estaban, logo do 25 de Abril, chegando á independencia da man de movementos populares e de esquerda. Os Estados Unidos movían todas as súas influencias para evitar que tal sucedese nunha área na que xa moveran piñóns ao propiciar a chegada de Suharto ao poder. A invasión realizábase o 7 de Decembro, ao tempo que despega o avión que transporta a Kissinger que finaliza unha visita a Indonésia: levaba o plázet americano.

Despois da matanza de 12 de Novembro pasado, un grupo de 52 senadores norteamericanos, enviou unha carta a Bush solicitando que o seu goberno defendese a autodeterminación do Timor Leste na ONU. A iniciativa era de Malcolm Wallop, un dos membros republicanos máis conservadores. A prensa americana publicou despois de anos de silencio absoluto, as máis fortes críticas á ocupación de Timor, para volver ao seu silencio cómplice, apenas levantado en páxinas interiores coa epopeia do *Lusitania Expresso*.

As últimas posicións oficiais americanas coñecidas, son de boca do subsecretario de Estado Kenneth Quinn, o 6 de Marzo pasado, ante un comité do Senado que estuda a política do seu país a respeito do Timor. Quinn veu dicir que as cousas melloraran coa invasión, que o investimento público era seis veces superior ao realizado por Portugal e que definitivamente Indonésia tirara ao Timor do atraso ao que estaba sometido pola antiga metrópole. As declaracións americanas foron consideradas un insulto polos portugueses, cuxa diplomacia viuse na obriga de entregar ao ministro-conselleiro da embaixada americana en Lisboa, protestando contra ese informe que, no seu relatório histórico, consideraba o 25 de Abril como "apenas un golpe esquerdista que trouxo o caos, conflitos civís e intervencións estranxeiras".

Segundo declaracións dun deputado portugués ao "Semanario" de Lisboa, "comeza a vivirse un clima anti-americano que non ten tradicións en Portugal. (...) Até os socialistas portugueses, ao contrario dos seus homólogos europeos, nunca tiveron dificultades en afirmarse como aliados fidelísimos dos USA. É unha situación que pode estar a mudar. Hoxe a tendencia dominante é ver nos americanos os responsables de todas as derrotas nacionais na defensa dos dereitos dos timorenses". ♦

Unha cuestión esotérica

O maior muro, infranqueable, que sofreu o Timor Leste foi o do silencio informativo. As noticias do xenocidio caíron como pingas indiferentes no Occidente. Durante 1975 houbo unha considerabel cobertura do Timor Leste nos Estados Unidos. Despois da invasión de Indonésia as noticias diminuíron axiña, chegando a cero. "Os refuxiados timorenses, denunciaba Noam Chomski en 1980, son escrupulosamente evitados en dramático contraste cos refuxiados da opresión comunista". Este silencio sobre os refuxiados foi tamén flagrante en Portugal, ex-colonia na que desde un primeiro momento procuraron refuxio máis de 1.500 mauberes (timorenses).

No *Washington Journalism Review*, de Marzo de 1980, Stanley Karnow, correspondente no extranxeiro da NBC xustificaba o seu desinterés polas poucas noticias que chegaban de Timor, en comparación por exemplo coas que se publicaban de Camboia: "Non teñen nengunha relación conmigo, non teñen nada que ver". O correspondente do *N.Y. Times* nas Nacións Unidas, Bernard Nossiter, refugou unha invitación para unha conferencia de prensa sobre Timor Leste en Outubro de 1979 sinalando que "a cuestión era demasiado exotérica". ♦

Un soño que durou apenas dez días

Timor Leste tiña 740 mil habitantes en 1975. Segundo un censo realizado polo goberno indonésio, o número de habitantes sería, en 1979, de 524.433. Calcúlase en 200.000 o número de vítimas causadas pola ocupación colonial indonésia.

O soño independente do Timor Leste durou apenas dez días. O goberno portugués, nacido da revolución dos carabeis, o 25 de Abril de 1974, promete conceder a independencia de todas as súas ex-colónias, entre elas as dúas máis nomeadas: Angola e Mozambique. O 28 de Novembro de 1975 a *Frente Democrática de Timor Leste Independente* (Fretilin) declara a independencia creando a República Democrática de Timor Leste. Dez días despois, o 7 de Decembro de 1975, Indonésia invade o territorio. Poucas horas antes o presidente norteamericano Gerald Ford tiña visitado Iakarta, onde seguramente aprobou o plan expansionista de Suharto. A Fretilin viuse obrigada a retirarse da capital, Dili, e dos portos máis importantes, que foron sometidos a un intenso bombardeo. Até meados



do 79 a Fretilin mantivo o control sobre máis do 95% do territorio.

No entanto, o 2 de Xuño de 1976, a denominada *Asamblea do pobo* constituída por membros de dous partidos: UDT e APODETI, aproba a conversión do país en provincia indonésia.

A anexión non foi recoñecida polo Comité de Descolonización das Nacións Unidas.

O aniquilamento de povoados, as masacres de familias enteras comezaron a ser un feito habitual na actividade dos militares ocupantes indonésios, sob o mo-

tivo de que combatían ao Fretilin. Desde 1980, nomeadamente, a propia Diocese de Dili ten denunciado o xenocidio e a fame causados pola invasión.

Expertos asasiños

Os cidadans de Timor Leste

enfrentáronse sen dúbida a verdadeiros expertos da represión. Desde 1965, ano no que os militares indonésios tomaron o poder mediante un golpe de Estado asasinaron a un número estimado de 500 mil a 1 millón dos seus compatriotas, amparados na necesidade de "frear a expansión do comunismo". A maioría dos mortos eran campeesinos sen terras e desde aquela Indonésia convertiuse nun dos mellores aliados dos Estados Unidos na área. "O destino dos timorenses, sinala Chomsky, é simplemente un caso sen significado comparado con obxetivos máis elevados. O país potencialmente rico, converteuse nun *paraíso dos investidores extranxeiros*.

Un editorial do *Wall Street Journal* publicado 6 de Febreiro de 1980 afirmaba que 100 mil persoas podían ter morto na guerra e recoñecía que "Indonésia é a nosa aliada, fornecedora de petróleo e é con armas americanas que os indonésios adoitan a perpetrar as súas atrocidades". ♦

POLÍTICA FORESTAL

Cun aumento de 23.000 hectáreas de eucalipto, a Xunta di que multiplicará case por tres a produción desta madeira

O Plan Forestal quer cambiar a Galiza agrícola por un bosque de crecemento rápido

O fomento da produción de madeira decrecemento rápido, con doce millóns anuais de metros cúbicos, é o primeiro obxectivo do *Plan Forestal (PF)*

da Xunta. A superficie prevista no Plan para o piñeiro e o eucalipto será de case un millón de hectáreas, unha cantidade superior ao total que

hoxe ocupa a reserva forestal galega. A Xunta convírtese así na primeira Administración europea que cede á presión da CE para reforestar terras

agrícolas e reducir excedentes agrários, ao tempo que concede prioridade aos intereses da produción de pasta.



O Plan Forestal atende como primeiro obxectivo á produtividade, e está condicionado polos intereses das fábricas de pasta.

PSOE e PP: a mesma madeira é

Ainda que o PP votara en Xullo de 1988 a prol da *Iniciativa Forestal Popular*, que chegou ao Parlamento avaliada por máis de 34.000 asinantes, o *Plan Forestal* que agora presenta non ten case nada que ver con aquil texto. Este trae está cortado á medida das trans-nacionais e dunha parte dos sectores do taboleiro e o aserriro. A moita distancia considéranse as necesidades da industria da moble, que hoxe depende de madeiras de importación.

O texto do *Plan Forestal* do PP parécese como un fio a outro ás propostas de Francisco Sineiro desde a Consellaría de Agricultura do Goberno Tripartito. O Plan minoriza os aspectos de conservación e uso social. Reserva para uso cinético e de pastoreo os caborcos, os solos de rocha e as altitudes de máis de 1.400; declara terreos de protección especial os que de feito xa o son: recantos húmidos, illas, beiras

de rios e lagos e imprecisos terreos de interese pola *sua flora ou fauna*; adianta o propósito de establecer *parques periurbanos de recreo*, dacordo cunha fórmula reaccionaria que está a ser superada en todo o mundo: urbanizar o monte en troques de meter o campo na cidade.

As cifras que ofrece a Consellaría dan que pensar: hoxe case 222.062 hectáreas de eucalipto (recoñecidas polo *Inventário Forestal* con xustificada desconfianza doutras fontes, que sitúan esta especie en máis de 250.000) están a producir 1.670.000 metros cúbicos de madeira. O Plan di que 245.654 hectáreas producirán 5.000.000 de metros cúbicos. No que se refire ao piñeiro, a produción recoñecida é de 4.800.000 metros cúbicos, nunha superficie de case 384 hectáreas; a proposta é aumentar a 559.999 hectáreas que producirían 7.000.000 de metros cúbicos. ♦

forestalmente máis avanzados e das rexións europeas que dispoñen de programas forestais específicos". A Administración Autonómica non precisa sobre qué referentes europeos reserva un 33 por cento do territorio (un 47 por cento do actual mapa forestal) a especies de turno curto.

A Consellaría condiciona o bon fin do *PF* ao establecemento previo de 19 distritos dentro das sete comarcas agro-forestais previstas, e dun *Gabinete de estudos e Planificación*. A mellora xenética de especies e do servizo contra-incendios son outras condicións recoñecidas. Esta declaración coincide coa gran extensión da praga da procesionaria do piñeiro, que nestes días está a causar estragos incalculábeis en todo o país. Os departamentos da Administración que tiñan a responsabilidade de evitar a extensión da praga citan como causa principal o tempo seco. En opinión de Ramón Varela, presidente de *Adega*, "as coníferas están debilitadas polo abandono e por efecto de quince anos de choiva ácida. As plantas, nesta condición de sobre-esforzo están debilitadas e son máis vulnerábeis aos fungos e insectos. Un 26 por cento do SO₂ (dióxido de xofre) que sae á atmosfera en todo Estado, xénese na Galiza". ♦

■ G. LUCA DE TENA

As diversas especies de piñeiro ocuparán a superficie prevista máis extensa do plan, con 734.300 hectáreas, mentres que as masas de eucalipto serán de 245.654 hectáreas; o castiñeiro extenderase sobre 218.953 e o capítulo de *outras caducifolias* terá unha importancia de 189.814.

Sobre a letra do *PF*, a Consellaría de Agricultura pretende elevar a porcentaxe adicada a cultivos forestais desde o actual 26,23 por cento do total da superficie galega ao 47 por cento. A agricultura galega que hoxe dispón do 19,5 por cento, contará cunha extensión que apenas sobrepasa a metade da que se reserva ao piñeiro e o eucalipto. No prazo de 40 anos, as cortas previstas, expresadas en metros cúbicos, serán de cinco millóns para o eucalipto, de sete millóns para as coníferas e de dous millóns para as frondosas. Con todo, o Conselleiro de Agricultura, Tomás Pérez, expresa desconfianza polos seus propios cálculos: "Desde a perspectiva actual, é moi difícil predecir o que ocorrerá dentro de vinte ou corenta anos".

Multiplicar por sete

A Consellaría sobrancea, doutra parte, o obxectivo de multiplicar

por sete o valor engadido da produción madeireira e criar trescentos mil empregos no monte sobre un prazo de corenta anos. O investimento sería de 33.872 millóns de pesetas no primeiro quinquenio. Ao emprendimento privado resérvale a Xunta un tercio desta cantidade. O capital financeiro da CE ten dado mostras abondo de interese polo monte galego, tanto para producir pasta como madeira para aserriro. O conselleiro de Agricultura entende que *hai no país volume abondo* para instalar unha segunda fábrica de pasta, en referencia ao interese do *Grupo da Oficina de Investimentos de Kuwait (KIO)*, maioritario no proxecto de Euro-

galicia Forestal para As Pontes.

Dos tres obxectivos para o monte declarados pola Xunta (*conservación e mellora, usos recreativos, e contribución a desenvolvemento económico*), os non directamente relacionados coa produtividade reciben unha atención inferior. Serán *espacio sensíbel obxecto de planificación especial*, 341.000 hectáreas, o 11,6 do territorio. Outro anaco do mapa, que representa o 8 por cento do total resérvase para *desenvolvemento da vida silvestre e da vexetación espontánea*, o que pode interpretarse como o resto da superficie forestal que non vai ser atendida. Es-

tas cantidades contrastan co 20 por cento de conservación de especies biolóxicas autóctonas, máis o 5 por cento de reserva biolóxica integral que reclamara en Xullo de 1988 a *Iniciativa Forestal Popular*, avaliada por 34.000 asinantes.

Modelos non identificados

Na metodoloxía do *Plan Forestal*, a Xunta considerou no primeiro os intereses económicos para establecer as dimensións do sector. Para deseñar o modelo de monte para o futuro "estudáronse -di a Consellaría- como punto obrigado de partida, as políticas sectoriais dos países

7 DIAS

■ A economía galega medra menos que a española

A economía galega medrou o ano pasado nun 2,1 por cento, mentres que a do resto do estado acadou unha media de 2,5 por cento. A taxa galega foi a máis baixa desde 1988, cando acadou un incremento do 1,9 por cento, fronte ao 3,0 de media estatal. Desde ese ano a taxa media galega de crecemento foi por detrás sempre da do resto do estado, perdendo nestes anos 4,2 puntos.

Tamén o medre produto interior bruto, concepto principal para medir o estado dunha economía dun determinado territorio, sofreu na Galiza unha desaceleración máis pronunciada que o promedio estatal. ♦

■ Actos de delegados a prol da folga

Uns 500 delegados sindicais pertencentes a CIG, CCOO e UGT, reuníronse o 17 de Marzo en Vigo nun acto no que estiveron presentes os principais dirixentes das centrais sindicais convocantes.

Xesus Mosquera (UGT) fixo fincapé na importancia desta folga, polo grau de unidade acadado, considerando un fracaso as medidas de reindustrialización, queixándose do goberno central.

Xesus Diaz (CCOO) centrou as súas críticas na política que está desenvolvendo o Goberno da Xunta e Manuel Mera (CIG) considerou que "o lóxico é que nos chamen a negociar o propio día despois, o día tres". ♦

■ O PSG-EG de Narón votou en contra da folga xeral

Unha moción de apoio á folga xeral presentada polo BNG no concello de Narón saíu derrotada ao votar en contra o partido no Goberno municipal, o PSG-EG. O alcalde, Xan Gato, xustificaría a postura afirmando que "votarían a prol da que presentarían os sindicatos".

O BNG de Narón criticou esta postura "hipócrita" do PSG-EG, que "por unha banda apoia ou subvenciona congresos como o da CXTG e por outra non apoia a folga xeral", acusando ao PSG-EG de Narón de "estar en convivencia co PP en temas xa máis alá que a propia dinámica municipal". ♦



■ O GAL, cuestión de Estado

A sentenza do Tribunal supremo no Caso GAL declara a esta banda terrorista dependente do Estado español ao afirmar que os implicados Amedo e Domínguez "actuaron sempre e en todo momento cando estaban baixo a dependencia dos seus superiores", declarando a responsabilidade civil subsidiaria do Estado. Quedou así sentenciado algo sabido por todos pero acochado pola

maioría: o GAL era unha cuestión de Estado. ♦

■ Folga de profesores

O 12 de Marzo o profesorado galego de ensino medio realizou unha xornada de folga secundada case totalmente polo colectivo. A principal reivindicación esta centrada na estabilidade no traballo para os interinos, pedindo tamén a reforma do acceso á docencia. ♦

■ Axuda a Cuba

Cinquenta concellos galegos enviaron un barco con once toneladas de axuda ao pobo cubano que saíu o 15 de Marzo de Vigo, sendo despedido por algúns dos alcaldes, entre eles o de Oleiros, de quen partiu a iniciativa. Nos próximos días sairán eles tamén para o país caribeño, levando outro pequeno envío e onde fiscalizarán a entrega do xa remesado. ♦



CARLOS PUGA

■ Principio de acordo sobre a autovia de Euskadi

O PNV e a organización Lurraldea, que defende un novo trazado para a autovia entre Gipuzkoa e Nafarroa, polo val de Leizarán, chegaron a un acordo para realizar un novo trazado que sería a síntese entre as dúas posturas, a viciñal apoiada por HB e ETA.

Os demais partidos de Euskadi opóñense a este acordo, polo acordo en si, ao considerar que entra dentro das conversas PNV-HB, e non porque non consideren necesario mellorar o trazado. ♦



■ Camilo Nogueira propón refundar o PG

Camilo Nogueira, Presidente do Consello Nacional do PSG-EG avogou pola refundación do Partido Galeguista para evitar que o nacionalismo "sexa residual ou unha bisagra que non governe endexamais" e que os distintos partidos nacionalistas con representación parlamentaria formen un grupo aprlamentario único "co fin de dar unha proba dese desexo de unidade".

Estas propostas foron realizadas, a título persoal, nunha rolda de prensa na que se daba conta dos acordos do Consello Nacional do PSG-EG. Como quer que o BNG comparecía ante os medios de comunicación o mesmo día para presentar unhas iniciativas parlamentarias, os seus portavoces Xosé Manuel Beiras e Bautista Alvarez valoraron estas declaracións a preguntas dos xornalistas, afirmando que "o BNG sería o equivalente de hoxe ao PG, polo que non é necesario reinventar nada". Contrapuxeron tamén á fórmula defendida desde hai tempo por Nogueira de "partido único", o sistema frentista, lanzando de novo un chamamento á "integración no BNG ou a lograr acordos puntuais entre os diversos partidos".

En canto ao grupo parlamentario único, o BNG puxo de manifesto que a fórmula podía ser contraproducente, pois sacáballe peso na cámara ao contar agora con dous grupos, pero que o funcionamento conxunto xa fora requerido por este grupo en numerosas ocasións, sen que o PSG-EG contestase oficialmente até de agora. ♦

■ O alarde de beneficios da banca

Ignacio Gil Vallejo, Presidente do Banco Simeón, e Conselleiro Delegado de "Caja Postal", afirmou que a publicidade que está a realizar a banca dos seus beneficios ven dada "polo intento de darlle confianza ao cidadán nunha época de crise na que afecta tamén a varias entidades bancarias. O aforrador necesita seguridade nas súas imposicións". Tamén recoñeceu que moitos destes balances positivos presentados nestes últimos anos por certas entidades bancarias débense, en boa parte "a que se desfizeron de pasivos, quer dicir, a venda dos seus edificios principais".

Ignacio Gil estivo en Vigo con motivo da Xunta Xeral de Accionistas do Banco Simeón, a primeira con accionistas privados, aproveitando tamén para anunciar a redución do tipo de interese en créditos e o aumento do pagamento a certos impositores, así como a posta en marcha de oficinas "temporais", que só abrirán uns días. ♦

■ Moción de censura en Marín

António Santiago Fernández, único concelleiro do CDS, será o novo alcalde de Marín, cando prospere a moción de censura presentada o 17 de Marzo polo PSOE, BNG e CDS, contra Gonzalo Arís Leiro, do PP.

Desde que se celebraron os comicios sen os distintos grupos políticos se poñeren de acordo para elixir un alcalde con maioría estábel para poder gobernar, viñeron tendo lugar conversas entre as distintas formacións para chegar a un acordo. O acordo parecía doado por canto só era preciso o consenso entre o BNG e PSOE, separados sobretudo polo enfrentamento na anterior lexislatura cando o PSOE ostentaba a alcaldía, pero o transvase dun concelleiro do PSOE á dereita complicou as cousas.

O BNG, que, desde un primeiro momento, tentou que no pacto entrase tamén o PSG-EG, sen que o seu concelleiro acedese a non ser no posto de alcalde, seguiu a impulsar un acordo entre a oposición porque "na práctica xa estabamos gobernando e, ademais, ollabamos como ao único que se dedicaba o PP desde o concello era a asentar o caciquismo".

Descartado o PSG-EG polas súas pretensións da alcaldía, ao que non accedía o PSOE, ensaiouse o pacto co CDS, que xa fora aliado dos socialistas na anterior lexislatura. ♦

■ Referendum en Suráfrica

O presidente De Klerk poderá continuar as súas reformas para converter en negros surafricanos en cidadanos ao apoiar as súas teses reformistas os dous tercios dos brancos que votaron no referendum celebrado o 17 de marzo.

Mentres os brancos votaban o futuro dos negros, estes agardaban con tensión os resultados, criticando a consulta por racista ao non poder votar eles. Aínda así, a maioría dos partidos negros pediron o voto afirmativo para, polo menos, poder votar xa nos próximos comicios que se celebren. ♦

GALIZA E MUNDO

ELEIÇÕES AUTONÓMICAS

ERC é a única forza que aumenta considerabelmente o seu número de votos

O nacionalismo catalán consegue o 60% dos escanos

■ PACO SOTO / BARCELONA

O nacionalismo catalán aumentou substancialmente os seus votos, cunha Esquerra Republicana de Catalunya, que obtivo cinco novos escanos, erixíndose na principal triunfadora destas eleccións. Jordi Pujol consegue revalidar a súa maioría abasoluta mentres a esquerda estatalista perde posicións, desaparecendo do mapa política catalán o CDS.



Jordi Pujol e Ángel Colom foron os grandes gañadores dos comicios cataláns.

A vitoria electoral de Convergencia i Unió (CiU) nos comicios autonómicos cataláns do pasado 15 de Marzo, ven confirmar a consolidación do fenómeno nacionalista. CiU, que logra 70 deputados, un máis que na anterior lexislatura, logra acadar o cuarto triunfo nas urnas e revalida a maioría absoluta. Ao notábel éxito da coalición nacionalista únese o non menos espectacular ascenso experimentado polos independentistas de Esquerra Republicana de Catalunya (ERC), que obtiveron cinco novos escanos, converténdose na terceira forza política parlamentaria, con 11 deputados. No seu conxunto, as dúas formacións nacionalistas, copan o 60 por cento dos escanos existentes na nova cámara autonómica, que, formalmente, terá que constituirse antes do 9 do próximo mes de Abril, deparando poucas sorpresas, pois Jordi Pujol xa anunciou que seguirá unha liña continuista na súa política, polo que se prevén poucos cambios no seu Goberno.

No pólo posto dos resultados hai que situar o significativo descenso do Partit dels socialistes de Catalunya (PSC-PSOE), que perde uns cen mil votos e dous escanos, pasando de 42 deputados na anterior lexislatura a 40. Tamén perde representación parlamentaria Iniciativa per Catalunya (IC), homóloga de Esquerra Unida, que se queda con só 7 parlamentarios dos nove que acadou en 1988, cando estaba

en proceso de formación aínda.

O Partido Popular consegue un modesto avance, pasando de 6 a sete deputados, pero non se pudo facer co espazo e os votos que buscaba, os do CDS, que desapareceu do cenário político catalán. Tamén desaparecen do parlamento os comunistas do PCC.

Outro dos aspectos destacábeis destes comicios é o elevado índice de abstención, perto do 45 por cento, superando ao rexistado en todas as demais convocatorias da mesma natureza.

Opción nacionalista

O resultado destas eleccións, que lle permiten a CiU ampliar a súa

maioría absoluta e a ERC saír definitivamente da marxinalidade política a que querían condeala pola súa mensaxe independentista, manifestan o incremento das aspiracións nacionalistas da maioría dos cidadáns do Principat e as arelas independentistas, en clave pacífica e democrática, dun sector significativo da poboación, basicamente constituído por xóvenes e persoas desengañadas de 12 anos de goberno converxente.

CiU, e o seu máximo dirixente, Jordi Pujol, que durante toda a campaña electoral se distinguiu polo seu enfoque moderado e alonxado de calquer veleidade independentista, á procura dos votos do CDS, apresurouse a

deixar claro que o que busca non é a separación de Catalunya do resto do Estado español, senón maiores cotas de autogoberno e a potenciación do papel da Comunidade Autónoma no marco europeo.

ERC, pola súa banda, apresetase ante os cidadáns como a alternativa da independencia desde posicións progresistas, integradoras e de esquerda, polo que todo parece indicar que a opción nacionalista pode ir en aumento ao non pisarse maiormente as dúas formacións.

Catalunya Lliure, partido independentista que apoia a loita armada, obtivo só 5.000 votos, o 0,20 por cento.



Baixón da esquerda tradicional

As forzas identificadas coa esquerda tradicional de carácter estatal como o PSC-PSOE e IC, perderon máis do 11 por cento dos votos en relación aos acadados na anterior lexislatura. No caso dos socialistas, a abstención, que chegou case ao 60 por cento nos municipios do cinto industrial de Barcelona, electoralmente sempre proclives ao partido que dirixe Raimón Obiols, os casos de corrupción nos que se viu implicado o PSOE e a falta de propostas novedosas e atractivas, son os elementos que parecen ter influído na decisión de moitos cidadáns.

A perda de dous deputados por parte de IC, que, ao retroceder no Parlamento de Catalunya, convértese na cuarta forza política, débese tamén a causas como a abstención, pero igualmente a factores ideolóxicos e de contexto internacional. O primeiro sería a ausencia dunha mensaxe nítida e comprensible, unido a certa insensibilidade con respecto ao "fenómeno nacional". Outro elemento de indubidábel peso son as consecuencias sufridas despois do descalabro sufrido polo chamado "socialismo real", polos partidos e formacións que se reclamaron ou se seguen a indentificar co comunismo e, nisto, IC non é nengunha excepción.

Abstención crecente

O record de abstención rexistado nos comicios autonómicos demostra que as insistentes chamadas á participación cidadá durante a campaña estaban plenamente xustificadas. Aínda que o fenómeno abstencionista golpeou especialmente aos socialistas e, en menor medida, a formacións de esquerda máis pequenas, o verdadeiramente preocupante é a crecente desconfianza de moitos cidadáns cara a "cousa pública" e o afastamento dos políticos profesionais da realidade social. ♦

Escrutado ao 95%									
Autonómicas (92*)			Autonómicas (88)			Autonómicas (84)			
Participación	55%		59,37%			64,3%			
	Esc	Votos	%	Esc	Votos	%	Esc	Votos	%
CiU	71	1.177.075	46,4	69	1.232.514	45,7	72	1.346.917	46,6
PSC	39	692.353	27,3	42	802.828	29,7	41	866.425	30,0
ERC	11	203.636	8,	0 6	111.647	4,1	5	126.971	4,4
IC	7	162.459	6,4	9	209.211	7,7	6	160.629	5,6
PP	7	151.917	6,0	6	143.241	5,3	11	221.605	7,7
CDS	—	22.989	0,9	3	103.351	3,8	—	—	—
—	—	—	—	—	—	—	—	—	—

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballido. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Secretario: Pancho Torrente. Vogais: Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cufiarro, Cesáreo Sánchez, Xosé M^a Dobarro, Xosé M^a Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Díaz e Xaquín Acosta

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballido

Correspondentes: Antón Prieto (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Santiago), Enrique Sanfiz, M^a Xesús Arias (Ferrol), Francisco Arizado (Lugo), Xosé Castro Ratión (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortega), Desiderio Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Chá), Xosé Carlos Villar (Barbanza Norte), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza Sul), Manuel Díaz (Melide), Xosé Ramón Castro

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

(O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macías (Euzkadi), Miguel Rodríguez Bertolo, Alberto Cruz (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto), Deportes: Víctor Miguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo). Cultura: Lino Braxe (Lugo), Manuel Carballido (A Coruña).

Colaboradores: Manuel Rivas, Xosé A. Gacibo, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Manuel Hortas Vilanova, Margarita Ledo, Xesús Vega, César Varela, António Mascato, X.L. Iglesias. Internacional: Xulio Ríos, Manuel Villar, Carlos Duram, Patricia Grinberg, Juan Carlos M. Betelú. Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. Deportes: Ricardo Rivera Axenda: Marga R. Holguín.

Humor: X.X. Piñeiro Cochón. Libros: Xesús González Gómez,

Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. Cine: Celso López, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Televisión: Alexandre Banhos. Arquitectura: Plácido Lizancos. Historia: Francisco Carballido, Anselmo López Carreira, Xesús Torres.

Fotografía: Arxo Iglesias, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Deimi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Call, Carlos Silvar, Xulio Gaioso, Tokio, Hermida.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada e Carlos Soaxe

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos.

Suscripcións: Blanca Costas

Dirección e Administración: Rúa Príncipe, 22, planta baixa Apartado de Correos 1371 (36200 Vigo). Tinos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: Pugalisa.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

NACIONALISMO, AUTONOMIA E DESCENTRALIZACIÓN ADMINISTRATIVA


ALFONSO EIRÉ

A idea de adecuar a Administración estatal á nova forma do Estado das Autonomías non é unha nova nun Fraga Iribarne convertido ao autonomismo. Así, no seu discurso de investidura, hai xa dous anos, afirmaba que "o modelo previsto nesta lexislación responde, evidentemente, a uns concretos principios de actuación administrativa, caracterizados por unha estrutura de tipo ministerial, tradicional e centralizada...". Despois de recoñecer que "este modelo amosou no seu día virtudes indiscutíbeis", propón instaurar unha Administración "de novo cuño". Afirmaba tamén a posibilidade de contemplar "a ampliación do teito estatutario e a aplicación das posibilidades do Art. 150.2 da Constitución".

Agora, coa demanda dunha "Administración única", dá un paso máis, pero sempre rezagado de Jordi Pujol e José Antonio Ardanza, que non só xa formularan o pedimento, senón que, como o mesmo Fraga, xa contemplaran esta posibilidade para cando rematasen as transferencias, como fórmula de abaratar custes administrativas, nas conversas mantidas cara o pacto autonómico. (As autonomías do 143 acaban de recibir a transferencia de 240 mil funcionarios dentro do paquete de 32 novas competencias froito do pacto autonómico para estas rexións).

A proposta, que pasou totalmente desapercibida nun principio na cámara galega, por resesa, pero, sobretudo, porque o que agora preocupa son outras cuestións -a máis importante, o futuro de miles de familias-, foi redimensionada desde Madrid, cun volume moito maior, como corresponde a calquer nova que proceda do reemisor central.

Colocouse así, habilmente manexada polo PSOE, na



ANXO IGLESIAS

Colocouse así, habilmente manexada polo PSOE, na cuestión baselar do debate sobre o *Estado da nación* unha diatriba competencial que non resolve ningún dos graves problemas en discusión

cuestión baselar do debate sobre o *Estado da nación* unha diatriba competencial que non resolve ningún dos grandes problemas en discusión. Juan Manuel Eguíagaray, Ministro de Administración Territorial en Madrid, posicionándose en contra desta proposta, que non fora contestada cando as declaracións de Ardanza ou Pujol, e Francisco Vázquez, na Coruña (o 17 volveu incidir nesta necesidade nunha conferencia en Castellón) mostrando o seu apoio a unha descentralización administrativa, foron os altavoces que *taparon* a verdadeira discusión do debate, principalmente o papel do PSOE, máis aliado de Fraga que oposición.

Esta alianza quedou, máis unha vez, patente cando se trata de atacar ao inimigo común: o nacionalismo. Para o PSOE (agás algun que sempre desafina), as palabras de Fraga certificaron a "defunción do nacionalismo de esquerdas que se quedou totalmente sen discurso". Algun dos máis cualificados portavoces do entronque

PSOE-PP (via *piñeirismo* en busca de posto), lanzou a foguetería para saldar o abrazo das ideas *nacionalistas* do BNG por parte de Fraga, que deixaría á organización frentista sen campo nen ideario político propio, sen que PP e PSOE acerten a explicar como o nacionalismo pode ser nuns tan bon e tan pernicioso no caso dos outros.

Cando se fala non xa de nacionalismo, senón de autonomía, é preciso falar de capacidade de decisión, de competencias, pero, sobretudo, de capacidade financeira. Unha administración única pode significar, ao máximo, mellor funcionamento e menores gastos, pero non ten por que levar implícita unha maior autonomía se as grandes directrices as segue marcando Madrid ou Bruxelas. ♦

ALCALDES PROCESADOS

FRANCISCO VÁZQUEZ ATOPA O ESPÍRITO DEMOCRÁTICO NOS TRIBUNAIS

NICOLÁS CAO

Temos, sen dúbidas nen reticencias, que felicitar a Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, pola soltura con que resolve as súas comparecencias ante os tribunais. Nesta ocasión última, o Tribunal Supremo ven de restabelecer (hipoteticamente) a honra do alcalde pola propia iniciativa deste, que parece non buscar outra cousa que emprazarnos aos demais a unha xusta penitencia por dudar da súa integridade. Pois ben, sexa: Paco Vázquez non é un chourizo, que acougo.

Contra o alcalde coruñés xurdiran moi graves acusacións nalguns medios informativos. De súpeto soubemos que o alcalde ten intereses nunha empresa inmobiliaria, Illano S.A., que participa nos máis importantes negocios urbanísticos da Coruña; que Illano se beneficia en réxime de igualdade do movemento especulativo inmobiliario da cidade, xunto con outras poucas empresas e personaxes que están presentes, case en exclusiva, en toda a andaina urbanística do alcalde coruñés; que el mesmo transgrediu a lei por votar en asuntos que interesaban a unha e outras empresas; que o PXOU da Coruña sofriera alteracións que parecían medidas para o maior medo financeiro desas empresas; que...: o tema encheu xa moitas páxinas e non é, agás co gallo de realizar unha boa penitencia, de repetilas agora, cando o Supremo, o Tribunal Supremo, ven de reducilas a migallas sen ferro ningún, esvaecendo toda sombra de dúbida legal nesas actuacións do alcalde.

Di o Supremo que Vázquez, na súa auto-denuncia —"para ser amparado e protexido pola Xustiza ante a campaña difamatória que a nivel de prensa se estaba exe-

cutando"—, aportou "documentación acreditativa da constitución da *Sociedad Herederos de Ignacio de la Iglesia S.A.* no ano 1925 e non no ano 1988 como se di na documentación obrante en autos". É un lio de datas, aínda que levanta sospeitas que o patrón e sogro do alcalde fundase daquela con ese nome de *Herederos* a sociedade da que Vázquez é agora vocal. Carece de importancia agás polo feito de que *Herederos de Ignacio de la Iglesia* é, a súa vez, accionista de *Illano*, constituída no 1986 pola muller e cuñados de Francisco Vázquez e apoderada a todos os efectos por *Irco*, da que son propietarios Manuel Soto e Anxel Xove, os dous principais promotores inmobiliarios da Coruña.

A respecto disto, Francisco Vázquez, segundo o maxistrado instructor do sumario, "manifestou e acreditou que o 30 de Xuño de 1990 adquiriu 6.700 accións de *Illano S.A.* por pago dunha débeda, indicando que se trata dunha sociedade familiar, que funciona con plenos poderes na persoa do irmán maior da dona do declarante. Que pola mesma razón que espuxo anteriormente, a súa dona adquiriu o 30 de Xuño de 1990, 2.400 accións de *Illano S.A.*, en pago de débeda —por que non poñerán xunta toda a débeda de 9.100 accións!—, aportando documentos 6, 7, 8 e 9, e indicando, por último, que a entrada da súa cónxuxe na *Sociedade Illano* non foi voluntaria, senón motivada porque lle aboaron unha débeda que arrastaba a *Sociedade* desde 1988 e que ademais ela é quen decide nos seus bens privativos, non cobrando a amortización porque así o decidiu a súa dona persoalmente".

Cabe supoñer que a transparencia xusta

deste alegato hai que mirala á luz deses misteriosos documentos "6, 7, 8 e 9", pero tanto ten, porque "todas as datas e actos a que se fai referencia —engade o xuíz instructor— son posteriores en ano á aprobación do Plan Xeral de Ordenación Urbana que é o único acto con transcendencia económica a estes efectos".

A "ampla declaración do denunciado" máis "a aportación de vinteseis documentos, descartan o proceder doloso do denunciado", conclúe o instructor do Supremo.

DÚBIDAS QUE PERMANECEN

Pero, contodo, aínda hai cousas que non se entenden.

Por exemplo: por que Vázquez deixou empoderar os ataques á súa persoa para logo levar a súa contradicción —26 documentos e unha ampla declaración— ao Tribunal Supremo?; non tería sido máis práctico e económico para todos apresentation esas probas antes de chegar aos tribunais? Certo que de ningún outro xuíz pode xurdir unha luz máis nítida que a do Tribunal Supremo, pero neste caso pare-

Por que Vázquez deixou empoderar os ataques á súa persoa para logo levar a súa contradicción ao Tribunal Supremo?

ce que é como malgastar pólvora en salvas: dános a certeza xurídica de algo bastante elemental (Vázquez non é un chourizo; poderíase engadir que tampouco un alcaio, etc), pero non entra, seica porque non é de lei, na significación política das actuacións do alcalde que se sinalaban nas informacións de marras e que foron as que motivaron a autodenuncia.

Non estamos para xudicializar a política, xa o veñen dicindo uns e outros, pero este caso abunda nesa xudicialización con plena gratuidade. A política, como a mesma condición humana, está feita doutros moitos adobes que non caben nos códigos civís, penais nen da circulación. A concienzia, o sentimento e mesmo ás veces o sentido común, por pór exemplos, desbordan e contradin a miúdo os textos legais. O império da lei choca con estoutas realidades non xurídicas e daquela, para a súa correcta aplicación, ten que recorrer ao espírito, ao espírito das leis que fundamentan a convivencia social e democrática.

Tampouco este caso de Francisco Vázquez está para dúbidas se o xuíz instructor se parou a buscar o espírito da lei. Acatámolo todos no seu ditame, xa que ninguén o recorreu —e esa é outra, porque a resolución do Supremo non era firme, cabía contra ela recurso de reforma e subsidiario de apelación, o cal invita a pensar na moita xente que está nas berzas adicándose a facer ruído—, pero de calquer xeito queda fora destas dilixencias a significación política do exercicio empresarial no municipio da Coruña de Illano ou deses outros *homes do alcalde*: Collazo Mato, Manuel Soto, Anxel Xove... coas súas diversas empresas. ♦

Unha Caixa para un País



Este é un gran país
de xente con ilusión.
De xente que traballa
duramente
por prosperar.
En Caixavigo

estamos ó lado de toda esa xente
apoiando cos recursos necesarios os seus proxectos de futuro.
Estamos ó lado dos empresarios e dos traballadores.
Da terceira idade e da xuventude. Dos pais e dos fillos.
E ó lado de tódalas institucións, privadas e públicas, que coma
nos, estean dispostos a levar adiante este país.
Caixavigo. Unha Caixa para un país.



Caixavigo
Unha Caixa para un País



CORPORACIÓNS PROVINCIAIS

O PSOE conta con 15 persoas cobrando do erário público e os nacionalistas costéano eles

O Presidente da Deputación da Coruña impédelle ao BNG ter un administrativo

■ A. EIRÉ


O Presidente da Deputación da Coruña, Fernández Moreda, impediulle, mediante unha resolución, a entrada ás dependencias do Palácio Provincial coruñés a unha persoa contratada polo Bloque Nacionalista Galego para realizar as funcións administrativas propias do seu grupo nesta corporación provincial. O BNG considera que esta medida foi tomada como *castigo* polo labor opositor que están a realizar.

Mentres as tres restantes deputacións provinciais estaban a pasar por un forte cuestionamento, mesmo desde as fileiras do PSOE, a corporación coruñesa realizaba o seu labor sen que se

notase case a súa presenza. Foi a negativa a axudar ao saneamento gadeiro, primeiramente, e logo as sentencias sobre o canon de enerxía eléctrica e a negativa do seu presidente, Fernández Moreda, a cumprilas, as que trouxeron as súas actuacións ao primeiro plano da actualidade, arrebatándolle a primacía informativa ás súas homónimas gobernadas polo PP.

A principal laboura opositora, aireando estas actuacións, estivo a cargo do BNG. Xa daquelas, segundo o deputado provincial Manuel Doval, o presidente Fernández Moreda ameazou con represalias, tais como impedirle o acceso aos documentos.

As ameazas materializáronse, segundo Manuel Doval, cando a semana pasada se lle impediu o acceso ao novo palácio provincial administrativo contratado polo BNG había catro días. Na resolución dictada polo Presidente afirmase que como o BNG só ten un único deputado "non precisa nengun administrativo". O



Manuel Doval, deputado do BNG na Deputación coruñesa

Bloque Nacionalista Galego apresentará un recurso de reposición, recorrendo se fai falta aos tribunais, "contra esta decisión

arbitraria e caciquil".

Os pactos municipais BNG-PSOE

Manuel Doval considera máis esperpéntica esta situación se se ten en conta que no *regulamento de infraestrutura e persoal* se contempla que todos os grupos teñen local propio e os meios axeitados para poder realizar o seu labor.

Este regulamento non se cumpría para o BNG, que tivo que agardar a mandar dous escritos para contar con mobiliario e unha simple máquina de escribir, cando os demais grupos "non só contan con luxosas instalacións, senón que o PSOE conta con 15 persoas, entre elas o Secretario Comarcal, López Saco, que máis que traballo na Deputación fan traballo para o PSOE; e o PP cunha persoa pagada polo erário provincial ademais de estar liberado o seu portavoz", en palabras de Manuel Doval.

Doval afirma tamén que "existe

un total compadreo entre PP e PSOE" e que ambos teñen o interese coincidente de que o "BNG non teña ningún papel" e que estas actuacións mostran "até onde están dispostos a conculcar os mínimos principios da democracia. PP e PSOE están utilizando as Deputacións no mesmo senso de facerse cun poder caciquil. A dereita fíxoo sempre e o PSOE, que antes estaban en contra destas institucións, *descobriunas* cando chegou por primeira vez á súa presidencia".

Perguntado como se entenden estas actuacións cando o PSOE pactou a formación de gobernos municipais en varios concellos co BNG, o ex alcalde de Ares afirma que "desde Xuíño pasaron moitas cousas, pero o BNG séguese reafirmando na validez destes pactos, porque obedecían a comportamentos singulares e a lugares moi concretos, aínda que o PSOE, en lugares como Ares e Malpica, rachase eses pactos e governe con pactos non explícitos co PP". ♦

REFORMA DA LEI ELECTORAL

MODIFICACIÓN CON TIRANTES

ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA

Cómpre recordar, a xeito de introducción, o feito de que cando se debatía a futura norma electoral española nos tempos da transición, os numerosos Procuradores das Cortes franquistas afiliados á Alianza Popular de Manuel Fraga, condicionaron o seu voto favorábel á Lei da Reforma Política, a que Adolfo Suárez encaixase naquela os mecanismos correctores da proporcionalidade que nos son hoxe ben coñecidos: baixo número de escanos, moitas circunscricións (as provincias) electorais, a maioría delas pequenas e cun número inicial igualitario de deputados, porcentaxe mínima de votos (3%) para o acceso ao congreso, etc. Completado o esquema coa regra D'Hondt, os resultados de sobre-representación de partidos grandes en provincias pouco povoadas (normalmente máis conservadoras) e a sub-representación dos partidos que non sexan o máis ou os dous máis votados, adquire desequilibrios de escándalo. Por pór un só exemplo, mentres a Soria en 1977 lle correspondían 34.636 habitantes por escano, en Madrid eran 139.569.

A LEI GALEGA

Concebida esta norma a imaxe e semellanza da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a antedita fenomenoloxía se reproduce nas eleccións ao Parlamento galego. Así, as provincias costeiras teñen unha representación moito menor en comparación coas do interior; con datos do censo de 1991, as correspondencias son:

— Ourense	23.088 habitantes por escano.
— Lugo	25.460 " " "
— Pontevedra	42.328 " " "
— A Coruña	45.356 " " "

seguinte unha correlación de prezo máis caro do escano, canto máis "progresista" é a relación de voto; e cunha tendencia próxima a un sistema maioritario nas circunscricións máis cativas.


Nesta tesitura, o actual goberno galego,

pretende facer algunhas leves matizacións, elevando o teito de entrada na Cámara só para aquelas forzas políticas que acaden o 5% dos sufraxios emitidos nunha circunscrición, en vez do 3% actualmente estipulado. É algo perfectamente lícito, xa que todos os gobernos e partidos do mundo aspiran a perpetuarse no poder, e un dos modos máis clarificadores de facelo son as respectivas leis electorais.

Sen embargo, o que xa non resulta tan de recibo é que todo quede reducido a iso, e non se aproveite a ocasión para modificar outros extremos que o mesmo Fraga e o PP teñen proposto a nivel do Estado, como sería desbloquear as listas (facelas abertas igual é pedir demasiada democratización), ou axear a proporcionalidade a respeito das variacións povoaionais (xa que para converter Galiza nunha soa circunscrición, ou que estas sexan as comarcas, obrigaría a unha reforma do Estatuto)... En definitiva, que se faga unha "reformiña" para favorecer os inmediatos intereses do partido gobernante, e non os do BNG, coma un famoso xornalista galego ten afirmado na súa diaria columna). Compróbase, senón, cales serían os resultados globais para Galicia, tomando como hipótese de traballo os habidos nas últimas eleccións autonómicas:

— PP	40 deputados
(gaña dous a costa do PSG-EG nas circunscricións de Pontevedra e A Coruña)	
— PSOE	28 "
— BNG	5 "
— CG	2 "

Ou sexa que non paga a pena andar con enganos, ou panos quentes, senón chamar ás cousas pola súa gracia. Ata o señor Fraga entra no xogo de facer política de corredeira, para afianza-la súa maioría absoluta: Quizais é porque na Galiza non se pode facer outra, pois que ultimamente ten afirmado incluso que en España se debería mirar aos sistema electoral británico como modelo a seguir, facendo



ARQUIVO

eleccións autonómicas, vai haber na Galicia outras de signo estatal ou xerais, e unhas poden mediatizar sobremaneira o que aconteza nas seguintes. Tomando os mesmos datos anteriormente utilizados, extrapolamos unha simulación para o Congreso dos Deputados que arrojaría na Galiza estes resultados:

— PP	15 deputados
— PSOE	11 "
— BNG	1 "

Quer dizer, o nacionalismo galego, case que coma sempre. Sen embargo, pode non ser útil elucidar en base a unha segunda hipótese, con idénticos datos pero sumando os votos do conxunto de forzas nacionalistas que se presentaron daquela, PNG-PG, BNG (estes dous xa unidos neste intre), CG e PSG-EG, e tal exercicio aportaríanos os seguintes resultados:

— PP	13 deputados
— PSOE	10 "
— Nacionalismo	4 "

e tendo en conta que pola circunscrición coruñesa o "nacionalismo" queda a pouco máis de 2.000 votos do próximo escano, non sería aventurado supor que un nacionalismo galego unido acadaría con facilidade como mínimo 5 escanos, os suficientes para formar Grupo Parlamentario no Congreso de Madrid.

Quizá fose como para porse a soñar, pero a frialdade dos datos é ben palmária verbo da incidencia que tal feito podería implicar para Galiza, nunha situación que, ademais, coadruiría a que o PSOE perdesse a súa cómoda e prepotente maioría.

Tan só quedan dous pasos que dar para afianzar unha coalición electoral desta índole, e se tal non se fixese habería probablemente máis motivos de sospeita ca de desculpa. E o tempo aprémia. ♦

Un nacionalismo galego unido acadaría con facilidade como mínimo 5 escanos no Congreso de Madrid

caso omiso de que tal réxime sería inconstitucional.

AS VINDEIRAS ELEIÇÕES:
E O NACIONALISMO QUE?

Tamén semella chocante que se pareza esquecer por todos lados que, antes das

MIGRANTES DO LESTE



P. CARBAJO

Alguns manexan o piano tan ben como a perforadora

Unhas dúcias de mineiros checos dan testemuño da cultura do Leste en Cerceda

■ PRIMITIVO CARBAJO

Fernando Martínez, o gran "valedor" de Cerceda, pillou a un par deles baixo unha fiestra da súa casa, onde a filla ensaiaba co piano. Os dous checos estaban a seguir o ritmo e, mála a ignorancia dunha lingua común, fixéronse entender para remataren sentados eles mesmos ante as teclas do piano, interpretando melodias universais cunhas mans de obreiro que, na súa propia deformidade, contradicían todas as imaxes do virtuoso pianista: non fai falta manicura. "Tocaban maravillosamente", recoñece o abraiado Martínez.

Desde aquela, os obreiros checos de Cerceda pasan ás veces pola casa do "valedor" de Cerceda a consolarse un intre do seu exilio laboral diante do piano. É unha mensaxe que, através da música, fala por igual dun tempo pasado ca dos recentes acontecementos que trocáron a natureza política no Leste de Europa e, nomeadamente, dese corazón denso en historia e tradicións que é Checoslováquia.

Várias dúcias de checos veñen traballando desde o verán pasado en Cerceda, ou máis exactamente nas Encrobas, onde ficarán até finais de ano. Construen un túnel de saneamento arredor da mina, para a recollida de augas, quer dicir, para impedir que as augas de superficie e correntes subterráneas caian na veta do lignito, no fondo da mina, onde se obtén o combustíbel da central térmica.

Os checos son os máis expertos neses labores. *Dragados* fracasou na construción doutro túnel semellante nesta mina a ceu aberto. A empresa española co-

mezou as obras noutra área de circunvalación, na beira oposta a onde traballan agora os checos, e tivo que parar. De aí que logo se contratasen os servizos de *Subterra*, unha prestixiosa multinacional checa de excavacións, para ter maiores garantías de conseguir os obxectivos. "Non quer dicir isto que *Dragados* esteña incapacitada para este labor, se cadra fracasou na outra parte porque os terreos eran doutra calidade: seica os checos tampouco o terían feito, pero eles son os mellores".

É unha tradición, esta da minaría, que en Checoslováquia ven de antigo. Coma a industria pesada. Antes da II Guerra mundial Checoslovaquia figuraba entre as primeiras potencias económicas mundiais, nos anos 60 era un país moito máis industrializado que o Estado español e, se cadra, como anécdota, algun leitor lembrará aqueles tractores *Zetor* que os checos exportaron a todo o mundo e que tamén foron os primeiros en dispor de calefacción... Hoxe Checoslováquia é o país que máis contamina de Europa, e tamén isto é un referente da importancia da súa industria.

Como expertos mineiros, os checos, e máis concretamente a empresa *Subterra*, cun plantel de 25.000 homes, ten tallos abertos por todo o mundo e varios deles nas concas mineiras asturianas. Os resultados satisfactorios destes traballos foron, en última instancia, os que os trouxeron a Cerceda. Son medio cento de traballadores polo xeral rúbios e de fala inintelixíbel que poñen unha nota cosmopolita no próspero municipio coruñés.

O réxime de traballo e mais as propias dificultades de idioma atrancan unha maior integración destes extranxeiros chegados do Leste. Traballan illados no túnel, coma unha sección plenamente independente, as 24 horas do día, por tandas, e cada tres meses voltan ao seu país durante un mes. Non sempre volven á Galiza os mesmos que partiron cara o seu país, a dotación de persoal é competencia da empresa, pero a eles non lles disgosta

traballar na Galiza: gañan de 120.000 a 150.000 pesetas ao mes máis o salario checo, que *Subterra* lles garda alá en Praga.


Vida social

A única intérprete que teñen non é suficiente para que eles podan desenvolver unha vida social minimamente normalizada, pero tampouco o feito de falar linguas distintas —a checa é de orixe xermánica— impede a xeral consideración que os checos conquistaron en Cerceda coma traballadores singularmente cultos. Moitos destes obreiros son universitarios. Fernando Martínez considéraos anti-comunistas profundos, pero outros cargos, enxeñeiros e responsábeis menores da mina, salientan precisamente a súa permanente atitude de negarse a comentar nada sobre o comunismo ou calquer outra circunstancia da política de Leste.

A televisión local de Cerceda, aproveitando a presenza dun dos directivos máximos de *Subterra*, emitiu un programa especial sobre Checoslováquia, en galego e en checo, e de vez en cando, se hai razóns para facelo, inclúe algunha noticia neste idioma nos seus informativos ou nos da radio local. Para iso contan coa boa disposición da intérprete.

Tamén, tratando de facerlles unha vida máis doada e na procura dunha maior integración, o Concello programoulles dúas clases semanais de galego. "Ao principio non lles gostou moito, preferían clases de castelano. Pero deseguida se afeizoaron, seguramente porque tamén lles gusta a profesora..."

Espallados por pensións ou casas alugadas, estes obreiros falan de Kundera con moita devoción e, para se distraer, xogan partidos de fútbol-sala, cando non saen dar unha volta, os Domingos, polas salas de festa da comarca ou polos bares da vila, onde xa acadaron sona polas cantidades de cervexa que inxiren. Por iso como pola súa condición de persoas civilizadas e cultas, que igual manexan a contundente ferramenta dos túneis que a arancan melancólicas notas a un piano. ♦



O director de Citroen di que os xaponeses traballan coas cartas marcadas

O acordo CE-Xapón de implantación libre foi nefasto -di o director da Citroen de Vigo Xavier Riera nunha entrevista publicada pola revista *Eco*, no seu número 11. Están a implantarse (os xaponeses) de forma masiva e o ano vindeiro pode ser moi perigoso. (...) Xapón non traballa en igualdade de condicións de mercado. É un mercado pechado. Pechado pola mentalidade que teñen implantado. Criaron unha mentalidade, unha psicose de compra ao xaponés. Os demais traballamos ao libre mercado. (...) Doutra parte, non lle deron ao xaponés as condicións de vida que ten un europeo. Sendo o Xapón un dos países máis ricos do mundo, vive nunhas condicións infrahumanas, se o comparamos cun americano ou europeo. Cando eles exportan do Xapón, fanno a costa do nivel de vida dos seus empregados, inferior ao americano ou europeo. (...) E cando establecen unha planta en América ou Europa, importan cantidades masivas de produtos das súas plantas xaponesas, elaboradas dacordo con eses niveis de vida. (...) Nós traballamos con todas as cartas enriba da mesa. Un xaponés non traballa igual. Ten as cartas marcadas, que son as cartas de traballar no Xapón. O fenómeno de como vive un xaponés e como consegue eses preños é moi pouco coñecido. Coido que os meios de comunicación faláron moi pouco do xaponés auténtico, do xaponés que queda sen seguridade social cando avellece (...) que aos 50 ou 55 o tiran da empresa principal para pasar a unha empresa secundaria. Todo ese Xapón oculto, desagradábel, é moi descoñecido". ♦

Os rusos e ucranianos volven de Israel

A cada son máis os rusos e ucranianos que regresan de Israel, despois dunha experiencia dun ou dous anos de emigración. O correspondente en Moscova do *Washington Post*, Fred Hiatt, conta no número do 15 de Marzo que "non é segredo nengun que hai paro en Israel: o sesenta por cento dos *refuseniks* (xudeus do Cáucaso aos que o anterior goberno soviético negara visado para emigrar a Israel) está sen traballo, e un trinta por cento deles ten mentes de regresar nos vindeiros cinco anos, segundo os resultados dun inquérito". Amais do clima militarista e da utilización dos inmigrantes como avangarda dos asentamentos nos territorios palestinos ocupados, os *refuseniks* din que non poden soportar a pobreza da vida cultural de Israel. "A imensa maioría dos inmigrantes rusos e ucranianos son laicos e fican abraizados pola estreita concepción relixiosa do Estado sionista". A crónica di que non todos os que regresan están contabilizados: "son moitos os que volven como turistas á CEI para evitar o pago da prima de emigración que lles entrega ao chegar o goberno de Tel Aviv". ♦

A dereita alemá non dá inculpado aos comunistas

"Como pode condenarnos un Estado de dereito que nen sequer deu encarcerado a coñecidos convictos do nazismo?" Así resposta o xeneral Schwanitz das forzas de seguridade da ex-RDA, nunha entrevista imaxinaria que escribe Wolf Biermann, no *Spiegel* do 2 de Marzo. Biermann resume o dilema da dereita alemá que se esforza por inculpar uns comunistas que sacrificaran máis ca eles. "En comparanza cos seis millóns de xudeos asasinados, os *crimenes* que nos atribuen nada son", di o militar. O articulista acusa a Schwanitz de actuar en nome do KXB. "Nada diso -retruca o xeneral-: chegará o día no que nos dean as grazas por ter rebaxado na Alemaña o rigor do primitivo modelo soviético". ♦

Pérez tranquiliza aos Estados Unidos

Tony Emerson e Tim Padgett escriben no *Newsweek* do 16 de Marzo unha crónica desde Venezuela sobre as medidas do goberno de Pérez para superar a crise. "Para calmar os ánimos, Pérez decretou novamente axudas para as pequenas empresas e preños políticos da gasolina, electricidade, medicinas e alimentos básicos". (...) "Ao mesmo tempo, hai unha semana, asesores do goberno de Caracas viaxaron aos Estados Unidos para convencer aos empresarios norteamericanos que non era a intención de Pérez regresar ao socialismo estatalista". ♦

URBANISMO E MEIO AMBIENTE

Escuros e inconfesábeis intereses ou, simplemente, torpeza política? Os viciños de Carril, especialmente afectados pola pretendida construción dunha ponte á Illa de Cortegada, interesada pola empresa Cortegada S.A., que pretende a súa

urbanización, e alegada por perto de dúas mil persoas no verán de 1989, non atinan a interpretar as razóns profundas que levaron ao alcalde de Vilagarcía, Xavier Gago López, a reiteradamente, desde os xornais, atacar con inusual virulencia verbal aos membros da

Comisión Cidadá en Defensa de Cortegada, o colectivo fiel aliado aos intereses dos viciños que procuran defender a condición de insulariedade de Cortegada até a súa declaración administrativa como Parque Natural.

Todos os grupos políticos se opoñen á autorización de Costas

Mobilización viciñal contra a construción dunha ponte á Illa de Cortegada



A protección definitiva de Cortegada non dá chegado pésie ás continuas mobilizacións

X.L. ABALO

X. CASTRO RATON/VILAGARCIA

Gago López, con incribeis descalificacións persoais e altanería política, "saíndo da súa condición de alcalde de todos, ao que está obrigado", segundo acusación da Comisión Pro-Cortegada, provocou o contrario do que, probablemente, pretendía: Abrir, novamente o debate sobre o futuro de Cortegada, máis alá da situación concreta de oposición á construción da ponte que ven ser considerada favorablemente pola Xefatura de Costas, anticipando a discusión pública das opinións e proxectos encontrados que ian ser enfrentados na próxima revisión do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vilagarcía.

A ponte, por riba dos viveiros

O proxecto orixinalmente presentado pola empresa Cortegada S.A., ao que se opuxeron perto de dous mil viciños coa súa alegacións, no verán de 1989, previa a construción dunha ponte con 16 pilastras que a critério das alegacións "levaría á destrución da meirande parte dos viveiros da zona, considerando que esta área atópase nunha encrucillada de fortes correntes nas dúas direccións e implicaría perder toda actividade marisqueira nun radio de 100 metros, en ambas as dúas direccións". O pasado 30 de Outubro, a Xefatura de Costas, emite un ditame favorable, procurando dos promotores a lixeira modificación do trazado, para ser construído cunha lonxitude de 242 metros, con 9 pilastras de apoio, sobre unha vía de comunicación actualmente aproveitábel en baixamar, chamada "Camiño do Carro", modificación que, a criterio dos viciños, "non cambia a situación anterior, toda

vez que o novo trazado proposto vai sobre unha gran cantidade de viveiros, provocando a súa desaparición". Na opinión da comisión Cidadá en Defensa de Cortegada, o informe favorable de Costas, ao ir condicionado a un novo trazado, vese afectado polo artigo 45.1 da vixente Lei de Costas, polo que deberá redactarse un novo proxecto e abrir un novo período de exposición pública ao tempo que denuncian que as súas alegacións anteriores "practicamente non se tiveron en conta".

Silencios e complicidades

A Comisión Pro-Cortegada, denunciou tamén as trabas que desde a Xefatura de Costas e o Concello tiveron que aturar a hora de xustificar as alegacións presentadas no verán de 1989. O xefe provincial de Costas comprometera persoalmente no pasado Nadal, informar a Comisión

Gago López provocou o contrario do que pretendía, abrir novamente o debate sobre o futuro de Cortegada

da abertura do prazo, axiña se abriu o período, compromiso non cumprido toda vez que nengun dos dous mil viciños alegantes recebeu citación nengunha, para persoarse e examinar o expediente, inteirándose "da abertura do trámite pola prensa, xa que o alcalde que recibiu información o 5 de Febreiro non tivo a ben comunicarllelo, tampouco, nen facelo público no taboleiro do Concello até o 27 de Febreiro",

Debate aberto

Neste ambiente social de rechazo, xeralizado, mantense un debate aberto, que anticipa de facto a discusión fronte á futura revisión do PXOU, activada desde a Comisión Pro-Cortegada, que o pasado Venres día 13 convidou a todos os grupos políticos presentes no Concello, xunto á empresa Cortegada S.A., a participar nun debate sobre o futuro da illa. Neste acto, que xunto a máis de 300 persoas que abarrotaron o aforo da Casa de Cultura, non participou nengun representante da empresa e do PP, do que se recibiu unha

carta "disculpando e xustificando a ausencia" do presidente local, portavoz municipal e senador, Rivera Mallo, quen reiterou a súa posición coñecida: oposición á construción da ponte e no futuro, Cortegada será o que queira o povo de Carril. Os representantes da CNG e Carlos Méndez, do BNG, mantiveron como criterio de ambas as dúas organizacións a coincidencia de criterio coa Comisión Pro-Cortegada, posicionándose pola permanencia da insulariedade e a súa declaración como Parque Natural, ao tempo que reivindi-

Todos contra a ponte

A pedimento da Comisión Pro-Cortegada, celebrouse un pleno extraordinario da corporación municipal de Vilagarcía o pasado 29 de Febreiro, no que a totalidade dos grupos municipais acordaron unanimemente oporse á construción da ponte á illa, respaldando a iniciativa da Comisión. No decurso da sesión, sen embargo, latexou o diferente criterio de futuro que cada grupo propón para Cortegada. Especialmente significativa foi a postura do BNG, que segundo afirmaba Carlos Méndez, o portavoz, "vai repensar a permanencia no actual goberno municipal, se se terxivera a filosofía do PXOU, na futura revisión, amparando a posibilidade de urbanizar a illa de Cortegada". Nesa mesma dirección fan as acusacións de Xela Cid, a portavoz no pleno

da Comisión Pro-Cortegada, quen apelando ao dereito de expresión acusaba aos grupos maioritarios: "vostedes agora mesmo non queren mollar o cu". PP e PSOE argumentaban a súa oposición á ponte e anticipaban o seu criterio ante a revisión do PXOU, afirmando que "o futuro de Cortegada será o que queiran os viciños de Carril". Estes están tomando unha especial postura de forza e mobilización fronte á nova ameaza, contando co respaldo social xeralizado e, por primeira vez, de forma incondicional do Pósito de Pescadores e da Agrupación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril, que xunto á asociación de viciños, respaldan a protesta carrilexa, liderada pola Comisión Cidadá en Defensa de Cortegada. ♦

limitando así as oportunidades e o tempo de preparación para concorrer no procedemento.

Sen embargo, a Comisión Pro-Cortegada soubo mobilizarse con axilidade, acadando o respaldo de 500 asinaturas de apoio ás consideracións que se presentan sobre as alegacións que se presentaran. Da revisión e análise do expediente, a criterio da comisión, "evidenciase unha clara deixación de responsabilidades do anterior alcalde, Rivera Mallo, quen non emitiu un informe negativo", entendendo que a calada, que dira por resposta, debe entenderse como un apoio á construción da ponte. O actual alcalde, Gago López, que daquela ocupaba a Delegación da COTOP en Pontevedra, é acusado polo mesmo motivo, desmentindo unhas declaracións anteriores deste que afirmaba terse oposto naquel momento, como Delegado da COTOP á construción desta ponte.

Protección preventiva

Causa sorpresa a intención agora de reabrir unha situación, coa autorización para a construción da ponte, que aparentemente carece de atino, toda vez que a situación urbanística da illa é de Solo non Urbanizábel de Protección do Litoral Costeiro, pendende da temida revisión do PXOU de Vilagarcía, que fai perguntar aos viciños de Carril: se non poden urbanizar, para que queren, logo, construír unha ponte? Por meio está a postura pública defendida por representantes do PSOE local, se ben cunha clara e pública división entre a militancia deste partido, que di promover a opción dunha "urbanización branda, coa construción de campos de golf e instalacións que preserven o ecosistema da illa", posición que irrita especialmente aos sectores abertamente opostos, que entenden que "en cuestións de medio ambiente, non hai medias tintas, a urbanización branda non é máis ca unha píldora que nos queren facer tragar, detrás está a urbanización real, dura e pura", como afirma Carlos Méndez, do BNG, segundo tenente-alcalde da corporación municipal e abandonado da loita contra a urbanización da illa. O 16 de Maio, en plena campaña das pasadas eleccións municipais, Cuiña Crespo, o conselleiro de Ordenación do Territorio asinou un decreto de protección, un Plano Preventivo contemplado na Lei de Conservación de Espazos Naturais, sendo a única illa galega que conta con esta consideración legal. Isto implica que, en calquer actuación, a COTOP resérvese o dereito a emitir un informe previo, preceptivo e vinculante, que supón a criterio do actual alcalde que en Cortegada farase o que queira o conselleiro". ♦

A SAÚDE HEPATITE B



A hepatite B é unha enfermidade vírica que se transmite por contacto con sangue dunha persoa infectada ou a través do seme. A súa importancia vén dada pola súa frecuencia en aumento, a existencia de portadores asintomáticos e a posibilidade de cronificación con danos graves para a saúde. Para previla infección é moi importante evita-lo uso compartido de xiringas e utilizar preservativo nas relacións sexuais con persoas portadoras ou con parellas descoñecidas.

Existe unha vacina para previr esta enfermidade, consulte ao seu médico.

Mary Nash

'Os políticos comezan a utilizar termos como feminismo e sexismo, isto é significativo dun cambio de mentalidade'

■ MANUEL VEIGA

"Nos últimos cinco anos produciuse un cambio de mentalidade a respecto das mulleres", sinala Mary Nash, irlandesa, afincada en Catalunya e catedrática de historia contemporánea da Universitat de Barcelona. Mary Nash forma parte dun mesto grupo de mulleres que en varios países europeos puxeron en marcha na última década unha nova historiografía que revaloriza os aspectos sociais destas investigacións. Nese marco insírense os novedosos e ricos traballos que sobre a historia da muller se están a realizar. Mary Nash é directora e fundadora do *Centre d'Investigació Histórica de la Dona*, forma parte do comité de redacción de varias revistas de fala inglesa e da directiva de diversas agrupacións internacionais da materia. Entre os seus libros publicados figuran *Mujeres libres: España 1936-1939*, *Mujer y movimiento obrero: 1931-1939* e *Més enllà del silenci: historia de les Dones a Catalunya*.



XAN CARBALLA

Os estudos sobre a historia da muller comezan a ser algo habitual?

Houbo un avance importante nos últimos cinco ou dez anos. En 1976 sómente había tres tesinas sobre o tema no Estado español. Agora hai moita xente traballando. Nos anos setenta comezouse cunha referencia preponderantemente política, como muller e movemento obreiro, muller e nacionalismo, a muller na II República, etc. Agora hai unha orientación máis social das mulleres, cun enfoque moito máis amplo. Ademais existen centros de estudos relacionados con estes temas. Eu, por exemplo, presido unha asociación de historia das mulleres, a nivel do Estado español. Tamén existe o proxecto de sacar unha revista específica desta materia.

'O discurso da Sección Femenina non foi tan efectivo'.

A historiografía recente parece interesarse notabelmente pola historia das mulleres e tamén por outras historias máis sociais, como a historia da vida privada, historia da familia, con gran éxito de lectores por certo.

Hai dúas cousas que lembrar. Primeiro, que a historia das mulleres comezou a facerse porque existiu un movemento de mulleres, nos anos setenta, mulleres próximas á corrente do feminismo, que estaban interesadas en coñecer o pasado das mulleres. En segundo lugar, foi posíbel porque se produciu nun momento de renovación historiográfica, dun replanteamento que comezou a ter en conta a historia social, na que eu me incluío. A historia comeza así a concebir non só as batallas, o espazo público, o poder, senón tamén as mentalidades, a cultura, o espazo privado...

Cando se pode dicir que comeza a conciencia feminista?

Na revolución francesa iniciábase unha conciencia colectiva, con grupos de mulleres que plantean estes dereitos. Aínda que de maneira individual poderíamos ir moito máis atrás. En 1791 en Francia publicábase a declaración dos dereitos da muller e da cidadana e ao ano seguinte editábase un libro tamén reivindicativo que é A vindicación dos dereitos da muller. Transcórrense polo tanto 200 anos de movementos colectivos de mulleres.

A historia da muller no Estado español

Como era a muller antes da

guerra civil?

Os movementos de mulleres comezan a desenvolverse a partir dos anos dez e vinte deste século nos que eu situo unha época de mobilización importante, que non sei se se pode chamar feminista, pero si das mulleres. Tratábanse temas de educación, de traballo, criáronse centros de formación educativa das mulleres, formación profesional, etc. Isto foi moi importante naquela época. No caso de Cataluña este movemento estivo incardinado moitas veces dentro do nacionalismo, no resto do Estado participou o reformismo católico e social. Unha etapa nova prodúcese a partir do nacemento, en 1931, da II República, é o momento no que se concede o voto ás mulleres. Elimínase así parte da lexislación discriminatória non só no eido político, senón tamén sobre a muller casada. Máis esta superior igualdade de dereitos, non se produce unha igualdade de feito, posto que a muller segue a ser marxinada e segue a moverse máis que nada no ámbito da casa.

A guerra supón un gran cambio?

Si porque se incita ás mulleres a mobilizarse na loita antifascista. Surxen aínda que algunhas xa naceran antes, pero agora desenvólvense asociacións de mulleres antifascistas, anarquistas, hai milleiros de mulleres que cumpren un papel importante no transcurso da guerra. Coido que non é tan representativa, en cambio, a figura que moitas veces se ten dito, da miliciana. Esta imaxe non é representativa das mulleres da época. É unha figura dirixida aos homes, máis que ás mulleres. A imaxe da muller é a da que está na retagarda, que fai o esforzo por sobrevivir en momentos de escasez. Tamén se encarga do cuidado dos refuxiados. É unha tarefa economicamente importante que permite funcionar á sociedade republicana neste período. Trátase dun traballo que, como é habitual, as mulleres realizan completamente gratis. Tamén hai mulleres que traballan nas fábricas, nun período no que os homes están no fronte. Todo isto proporciona moita máis seguridade e recoñecemento ás mulleres.

Vázquez Montalban, na súa novela *El pianista*, sinala que hai unha onda de casamentos entre as parellas republicanas no momento de entrar en Barcelona as tropas sublevadas. Quer dicir que o franquismo trouxo un cambio claro nos costumes?

É certo que as pautas de comportamento cambiaron bastante coa dictadura. A lexislación franquista obrigou á regulación pola igrexa de todos os matrimonios civís. Pero tamén se mitificou demasiado esta relaxación da moral durante a guerra. Mozas e mozos encontraron maiores facilidades para se relacionar neste período, pero tampouco foi un cambio extraordinario no referente á moral sexual, por exemplo.

Que representou a posguerra?

Un retroceso. Un claro freo á situación da muller que se ía integrando na sociedade civil, no mundo do traballo. O discurso franquista retoma a expresión da muller como *angel del hogar* e limita extraordinariamente a posibilidade de que traballara a mu-



XAN CARBALLA

‘Hoxe dase unha discriminación máis sutil que se continua a producir no ámbito educativo, laboral, político, etc.’

ller casada. Ora ben, sendo certo que a mensaxe da *Sección femenina* foi importante, tampouco hai que tomalo ao pé da letra ou crer que foi o espello da realidade das mulleres. As mulleres non se crearon todo o que lles decía o franquismo. Moitos estudos fixéronse a partir de textos, pero non da actitude da maioría do país. O discurso da *Sección femenina* non foi tan efectivo. Seguramente a tradición da década anterior axudou a proporcionar unha formación que non ía desaparecer dun día para

outro. E creo que a aceleración do proceso de cambio na transición democrática reflexa todo o que sucedera anteriormente.

A situación actual

Como define a situación actual da muller?

Neste intre no Estado español, como nos países da Comunidade existe unha situación de dereito, igual para homes e mulleres, pero o problema está na aplicación, porque igualdade de dereito non é igualdade de feito. O que pasa é que isto é difícil de detectar, trátase dunha discriminación máis sutil que se continua a producir no ámbito educativo, laboral, político, etc. Doutra banda, a diferenza de momentos anteriores, agora ten recoñecidos estes dereitos políticos, laborais, etc. e coido ademais que se deu un cambio nos valores culturais e que existe unha maior sensibilidade a respecto do problema das mulleres. Que hoxe unha muller pretenda traballar xa non parece tan anómalo. Estes días na campaña electoral en Cataluña foi interesante ver como se estaban a utilizar un vocabulario novo. Empre-

gáronse termos como feminismo e como sexismo que hai cinco anos nengun político usaba. Polo menos hai unha maior familiarización coas demandas das mulleres. Ora ben, cada quen fai a súa propia lectura e aplicación do discurso. Pero a nivel de valor social, de cultura política, isto é significativo dun cambio de mentalidade.

Diferencias entre comunidades

Vostede estudou a historia da muller no Estado español e especificamente en Catalunya. Existen hoxe diferencias entre unhas e outras comunidades?

A primeiros de século e nos anos trinta era máis grande a diferenza. En Catalunya había un movemento no eido educativo e profesional que non se deu en todo o Estado. Hoxe en día hai unha aceleración do proceso de cambio a respecto da muller en todas as comunidades do estado. Diferencias pode haber, porque por exemplo en Catalunya a muller ten unha maior tradición laboral de traballo fora da casa e iso nótase, quizá participe algo máis en política, pero estas diferencias

‘Xa ninguén me presenta como a nai da miña filla’

“A min xa ninguén me presenta como a nai da miña filla, senón pola miña profesión, sinala Mary Nash. Somos a primeira xeración de mulleres no Estado español identificadas como traballadoras e non como nais. En cambio, noutros países hai xa varias xeneracións anteriores integradas ao mercado laboral”.

Interesada na coeducación, Mary Nash lembra o silencio que recae sobre as mulleres e sobre a súa obra ao longo da historia. “Cando me din que xa hai igualdade, pídlle que me citen cinco nomes de mulleres especialistas nesa materia e non son capaces de darme un. O certo é que unha persoa segue saíndo hoxe en día da universidade coñecendo o nome de cincuenta homes, pero de nengunha muller destacada na súa profesión”.

‘Cando me din que xa hai igualdade, pídlle que citen 5 nomes de mulleres especialistas nesa materia e non son capaces de dar un.’

estanse acortando.

E en Europa?

Depende do tema. A falta de participación da muller en postos de responsabilidade e un problema de toda Europa, pero está máis acentuado aquí. Aínda non estamos afeitos a mulleres lectoras de universidade, directivas de administración ou empresarias. O avance é maior nos países escandinavos que nos mediterráneos.

‘As chamadas á natalidade utilízanse para frear o aceso da muller ao traballo e para xustificar a súa discriminación’

Manuel Fraga Iribarne acaba de facer un chamamento a unha campaña de natalidade. Cal é a súa opinión?

Nos anos coarenta e primeiros dos cincuenta equipas de demógrafos e sociólogos elaboraron unha política povoacionista para o réxime de Franco. Foi unha campaña moi sistemática, acompañada dunha lexislación severa que reprimía o control da natalidade e o aborto. Pero fracasou e abunda para comprobalo con ver as estadísticas de nacementos deste período. A partir de entrevistas orais a mulleres da época

vese que foi a dureza da posguerra en temas como a saúde, a falta de traballo, a escasez, a que provocaba que non se tiveran máis fillos. Posteriormente, cando houbo un cambio sócio-económico a partir dos anos sesenta, entón si se produciu un boom. A falta de diñeiro e logo decisiva, porque, á marxe das campañas, as mulleres miran tamén os seus propios intereses.

Que consecuencias ten para a muller este tipo de discurso?

É algo que se utiliza moito en épocas de crise económica. É o

discurso da *domesticidade*, a muller como *angel del hogar* que ten

como función prioritaria a de ser ama de casa, esposa e nai. Isto foi utilizado historicamente e segue a utilizarse para frear a integración das mulleres no mercado laboral e tamén para xustificar a súa discriminación. Enténdese que o traballo das mulleres é algo coxuntural, accesorio, só necesario cando o cabeza de familia non gaña suficiente. Foi moi difícil romper con este esquema que aínda se utiliza en momentos determinados. Máis a teórica igualdade de dereitos hai quen insiste coa idea de que o varón ten dereito preferente ao posto de traballo.

‘É o discurso da muller coma *angel del hogar* que ten como función a de ser ama de casa, esposa e nai’.



TODOS CONTRA FRAGA?

CLÁUDIO LÓPEZ GARRIDO

Iam queima-lo em seis meses e aí está, tam campante. Acostumados a "basilá" com Albor e Laxe, Manolom colleu-nos com o passo cambreado. Além da estúpida minusvaloraçom do adversário, a estratégia do nacionalismo está imbuida do optimismo que lhe alimenta o seu competidor, o PSOE, com sondagens eleitorais de dudosa fiabilidade. O passado de Fraga, como o de Waldhein, nom asusta no reino da amnésia colectiva e em plena resaca do liberalismo sociata com as suas seqüelas neo-nazis.

A hipótese dum governo "de progreso" com os raspas do PSOE é umha caralhada. Antolín e quadriha som marmotas que imitan às suas senhoritas; mas que nom podem ocultar a sua plebeia condiçom. Nom pintam nada e a senhorita da Moncloa ri-se do seu constitucionalismo paifoco. "Bien pagá" do gram capital europeu só alterna com clientes de provincias como PNV, CiU ou D. Manuel. Embora mantenha algum "macarrilla" na casa comum, prévio despiolhamento e reinserçom social, nom quer amantes de esquerdas e é a menos interessada numha aliança contra Fraga.

A sua autonomia e a pasividade, ou impotência, do Pp espanhol perante as contraditórias actuaçoms de Manolom, nom se deve ao talante mandarino de este, senom, talvez, ao conflito entre pequeno e gram capital no quadro da integraçom europea.

A matriz da futura direita galeguista é o PP, apesar seu. A única diferença a respeito de PNV e CiU é a menor consciencia nacional; mas isso tamém muda. Eis o caso de J.L. Barreiro. Que Fraga seja o pai, ou o avó, da criação é umha peculiaridade mais deste pintoresco finistere. O nacionalismo actual nem é a nova versom do Partido Galeguista nem umha frente. Só umha plataforma que, actuando com inteligencia e sem pressas, pode dinamizar e conduzir um processo. ♦

Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

Ben pensado está o Plan Forestal da Xunta. Criará 300 mil postos de traballo en 40 anos. Trátase de dar tempo a que os primeiros que entren se xubilen e asi cada posto cóntase várias veces.



Di José Maria Carrascal, presentador de *Antena 3* que "Non é posíbel a obxetividade nesta vida. Obxetivo só é Deus". Mesmo se poderia engadir que **nen Deus.**

Nada máis falar Fraga de incrementar a natalidade, cerran o único centro galego de fecundación **in vitro** que estaba aberto na Coruña.

O mesmo dia que La Voz de Galicia informaba, na sua páxina 21, de que Manuel Fraga abogaba "pola familia numerosa",

A Concellaria da Xuventude de Vigo censura

Os Colectivos da Mocidade do PSG-EG queren denunciar o uso da censura por parte da Concellaria de Xuventude. No programa de subvencións para asociacións xuvenis deste ano 92 inclúese, na *Décimo primeira base* (para solicitantes de subvencións para *publicacións*), o requisito de que, e citamos, "(c).— As publicacións subvencionadas disporán de Depósito Legal, e os editores, presentarán á Concellaria de Xuventude as probas de imprenta para a conformidade".

Esta atitude non ten outro nome que o de censura.

Os Colectivos da Mocidade non comprendemos como a estas alturas subsisten modos autoritários prprios de réximes políticos felizmente pasados. Pola nosa imaxinación non pasaba o re-estabelecimento dunha disposición típica da Lei de Manuel Fraga contra a Liberdade de Prensa.

Mostras de desprezo pola democracia non son estrañas por parte do PSOE, pero entendemos que a censura xa é dun autoritarismo desproporcionado, mesmo para eles, porque supón unha

agresión ás garantías constitucionais básicas.

Os Colectivos da Mocidade do PSG Esquerda Galega agardan que sexa retirada a devandita disposición e que a Concellaria da Xuventude, responsábel política da mesma, explique o porqué desta saída de tono. Tamén agardamos que non pretenda xustificar a sua atitude, porque a censura sempre é inxustificábel. ♦

COLECTIVOS DA MOCIDADE DO PSG-EG VIGO

Imprecisións sobre a vangarda rusa

Nun traballo publicado na páxina nº 23, do nº 512, data 6.3.92, da vosa revista, sobre os "35 anos de vangarda rusa" dise ao final: "...cunha ampla mostra de pratos e carteis publicitarios moitos deles de gran beleza pésie á calificación de enxendro que Isaac Díaz Pardo aplicou a este movemento no catálogo da mostra".

Vese que o autor dese traballo non leu ben o que eu digo tamén ao final do catálogo, que é todo o contrario. Digo: "Ademais da pintura, figura unha formidable colección de carteis e porcelanas cheos de compromiso político coa Revolución. Estas pezas cerámicas dun indudable valor veñen, lamentablemente, sin un estudo da súa procedencia e da súa historia".

A palabra enxendro aplícoa no meio do meu texto nun parágrafo que di: "No 32 un decreto sindical a tódolos artistas cos mesmos dereitos, e xa se sabe que a mediocridade é numericamente maior; de ahí nasce ese enxendro do realismo socialista, que os seus autores califican de "arte de masas".

Hai outros conceptos no traballo

Informacións manipuladas aos produtores de leite

Nos últimos tempos están circulando toda unha serie de informacións dirixidas aos produtores de leite, co único fin de sementar o confusio-nismo verbo da situación na que se atopa o proceso posto en marcha polo Ministerio coa intención de aplicar as cuotas do leite.

Hoxe queremos sair ao paso dunha carta que a Asociación Galega de Cooperativas (AGACA) está facendo chegar ás cooperativas de leite. Na mesma, dásele a entender aos labregos que a cuota que se lles vai asignar é a produción de 1990. Nós entendemos que unha asociación que se precie de ser séria debería fundamentar as suas afirmacións nos textos legais. E, desde logo, nen nos textos legais do Ministerio, da CEE, nen na entrevista mantida co Ministro de Agricultura o 18 de Febreiro en Compostela e na que AGACA estivo presente, se nos dixó tal cousa. O Minsitro dixó que a cuota asignada ao Estado español era a produción do 83 e que, a

asignación provisória que fixo aos produtores no 86 é superior á cuota do Estado e que, polo tanto, tiñan aí xa un primeiro desfase.

Ademais disto o próprio Ministro recoñeceu que a produción aumentou desde o 85 nun millón e médio de toneladas.

En canto á concesión de máis leite por Bruxelas o próprio Ministro dixó que era moi difícil conseguilo. E ademais disto, hai que ter en conta que a Cuota inicial asignada ao Estado foi diminuindo cada ano debido ás reducións marcadas en Bruxelas e que, na proposta de Reforma da Política Agrária Común, a Comisión Europea propón novas reducións das Cuotas asignadas aos Estados.

Existe outro documento que o Ministerio dirixe ás organizacións agrárias no que pregunta cal sería o critério máis adecuado de entre os seguintes: cubrir o déficit do 85 an-

do noso amigo, que aínda que non se refiren a min, convén aproveitar este papel para non aceitalos, especialmente, porque desorienta, iso quedi de que "...os construtivistas deron pé, sobretudo despois do 1921, ao chamado realismo socialista". ♦

ISAAC DIAZ PARDO

Por uma Galiza sem provincias

Fala-se agora e desde o Governo fraguista da necessidade de dotar freguesias e comarcas de um reconhecimento legal, tal como a realidade da nossa nação vem demandando. Todavía, tornou a insistir-se, dissipando possíveis dúvidas e até temores de alguns, na intocabilidade de instituições tão representativas do centralismo e do caciquismo como são as deputações provinciais e, por consequência, as provincias.

Antes de nada podemos perguntar-nos sob que tipo de critérios foi realizada a divisão provincial do Estado Espanhol, obra de Javier de Burgos em 1833. Cabreria exagerar e estabelecer uma analogia com o traçado das fronteiras dos estados árabes por parte das potências coloniais. Ali a régua e a esquadria, aqui tal rio ou qual montanha. De qualquer maneira, a divisão provincial foi e é, por muito pouco que se observe, um instrumento fundamental do odiado centralismo burocrático que caracteriza o Estado Espanhol. Mas é evidente, e assim o temos de reconhecer, que os *herrialdes* bascos sao uma coisa e as provincias "galegas" outras. Em Euskadi contam, como mínimo, com uma base histórica, embora a "história" justifique também disparates como o Condado de Trebiño; na Galiza são divisões artificiais meramente administrativas e caciquis que nem chegaram a arrei-

gar no povo. Aqui a palavra provincia conserva ou recupera o seu valor etimológico: país vencido, conquistado (de *pro vincere* latino). Provincia é governador civil, Deputação Provincial, caciquismo institucionalizado. Deve lembrar-se que, não há muitos anos, antes do "Estado autonómico", a Galiza nem sequer existia oficialmente, pois apenas era quatro provincias no livros de geografia, que se "esqueciam", além disso, de indagar as simpatias nacionais da população galego-falante dos ocidentes "ovetense", "le-onês" e "samorano". Não, por sorte, o povo galego permanece alheio a profundos sentimentos provincianistas.

Mas eis que o estilo burocrático nos invade e ora enviamos uma carta a uma amiga do Ferrol indicando entre parênteses (Corunha), ora escrevemos a um amigo de Vigo e não nos esquecemos de insistir (Pontevedra). O caso mais extravagante é, sem dúvida, o de Santiago de Compostela (Corunha). A capital da Galiza, nem mais nem menos, em função de subordinação a uma "capital de provincia". Uma administração autonómica "galega" superposta e, à vez, submetida a uma administração provincial espanhola. Uma administração esquizofrénica, em resumo.

Por sua vez, se falamos, como infelizmente se costuma fazer, da "costa lucense" baseando-nos em que a "provincia de Lugo" se estende até ao litoral, bem lícito seria referirmo-nos às margens da ria de Arousa como a "costa compostelana", visto que a arquidiocese de Compostela atingue



tes o
e an
ducir
a po
1985
reser

Not
AGA
te tip
men
pren
mos
fende
agora
sabe
circul
xica,
fende
agro
Abril
posta
brega
ducid

Os p
ción
dente
ment
den
mesr
lles
di medi
ha cu

Paré
fraud
das
1990



tes que os crecementsos posteriores e antes dos que empezaron a producir despois do 85? Se se modula a porcentaxe de redución aos de 1985?, para asignar a hipotética reserva que crien.

Non entendemos en que se basa AGACA para facer afirmacións deste tipo. Desde logo, de toda a documentación existente non se desprende tal cousa, e moito nos tememos que AGACA que tanto di defender ás cooperativas, se pasase agora a defender ao Ministerio (non sabemos a que prezo) e, facendo circular información falsa e demagógica, impedir que os labregos se defendan e intentar desmobilizar o agro de cara a folga xeral do 2 de Abril e intentar boicotear a campaña posta en marcha polo Sindicato Labrego Galego de solicitude de produción.

Os puntos "a" e "b" da comunicación que AGACA remite aos Presidentes das Cooperativas son totalmente falsos e o único que pretenden é embaucar aos socios das mesmas caciquillamente, para facerlles crer que clandestinamente e mediante amaños lles van dar unha cuota suplementaria.

Parécenos unha postura cínica e fraudulenta pedirle aos produtores das Cooperativas a produción de 1990, cando os propios dirixentes

de AGACA saben que o Ministerio a ten e que, ante o pedimento do Sindicato Labrego Galego de que se nos facilitase aos representantes dos labregos, o Ministro negouse argumentando que era información confidencial e tamén saben os dirixentes de AGACA que o Ministerio se negou a tomar como referencia a produción do ano 90.

Nengunha organización agraria, por amarela que fose, se atreveu nunca a facerlle un servizo deste tipo ao poder nen a someterse tan humildemente aos designios das multinacionais.

Esta atitude dos dirixentes de AGACA só podemos calificarla de vendida, rastreira e mendicante.

O Sindicato Labrego Galego esíxelle aos dirixentes de AGACA que

Os puntos "a" e "b" da comunicación que AGACA remite aos Presidentes das Cooperativas, son totalmente falsos, coa intención de facerlles crer que clandestinamente e mediante amaños lles van dar unha cuota suplementaria.

publicamente se definan e manifesten cal é a súa postura definitiva sobre as cuotas do leite e a súa aplicación.

Dicer tamén que unicamente o Sindicato Labrego Galego e a USAG rechazamos rotunda e claramente as cuotas, o mercado de cuotas e a supertaxa.

O Sindicato Labrego Galego, reafirmase na súa postura de rechazo ás cuotas por ser un sistema que o único que supuxo foi a desaparición de moitos produtores de leite e precisamente dos que non producían excedentes e que concen-trou a produción nas explotacións industriais das zonas ricas de Europa. Frente a isto, e se realmente queremos defender a produción de leite do noso país, se queremos manter os postos de traballo no agro e garantir unha vida digna aos labregos galegos, é preciso aplicar o sistema de *quantums* (fixación dun volume de produción por persoa activa e prezo garantido en función do mesmo).

O resto é colaborar cos que queren entregar os nosos mercados ás multinacionais da Comunidade Europea e condenarnos a vivir da esmola e do monocultivo do eucalipto. ♦

LIDIA SENRA.
SECRETARIA PORTAVOZ DO SLG

o oceano desde a ría do Ferrol até á de Vigo.

Quer tudo isto dizer que a división provincial da Galiza, além de servir intereses centralistas do Estado Español e se configurar como instrumento do caciquismo, quer ser obstáculo tanto para o desenvolvemento da consciencia nacional do povo galego como para a real autonomía municipal e, aínda que no-lo queiran presentar como compatível, para a comarcalización do territorio e o reconhecemento legal das freguesias.

Fraga e outros pretenden, nem mais nem menos, manter intactos os seus feudos provinciais e, ao mesmo tempo, criar freguesias e

comarcas vassalas disfarçando o proceso de ordenación do territorio, democratización e descentralización. Evidentemente, correm os seus riscos. ♦

AFONSO GARCÍA PEREIRA
(SANTIAGO)

Desobediencia civil á estrutura militar

A Coordinadora Galega de Obxección Fiscal participou o pasado fin de semana nun encontro estatal de Obxección Fiscal en Barria (Alava) no que se decidiu mostrar a solidariedade e apoio

ao insumiso Iñaki Arredondo, recibendo con satisfacción a sentenza de absolución do seu proceso xudicial por entender que é un recoñecemento do dereito á Obxección de Conciencia ao Servizo Militar Obrigatorio e á Substitutiva Prestación Social, que *non esquezamos!* está redactada para castigar a aqueles mozos que se enfrentan á militarización social negándose a servir nos exércitos e, por coherencia, rexeitan unha lei de Obxección só pensada para perpetuar as inxustizas sociais que sempre comporta o negocio das armas.

Igualmente rexeitamos as opinións críticas do Ministro de Xustiza, polas súas declaracións comparando a defensa civil co

asasinato terrorista de nenos. O Ministro parece descoñecer que a defensa civil é unha acción de conciencia animada pola convicción de buscar un marco de convivencia máis xusto, no respeito dos dereitos humanos. Como se ve, algo totalmente parecido ao desafortunado e ministerial "asasinato terrorista de nenos", no que aparece a violencia, o uso das armas e a conclusión dos dereitos humanos. Segundo este criterio Gandhi, por citar só un caso, sería comparábel a un asasino de nenos por defender con métodos non violentos a defensa civil en contra de leis inxustas, neste Estado Gandhi estaría na cadea.

Rexeitamos as opinións do Ministro de Xustiza comparando a defensa civil co asasinato de nenos.

As declaracións realizadas por membros do Goberno e Parlamento do Estado, teñen a intención de confundir á opinión pública. Agachan o temor a que os cidadáns exerzan a *desobediencia civil*, para desmantelar os principios da inxusticia, insolidariedade e violencia que sustentan a estrutura militar do Estado, afogando a emancipación das persoas polo império das leis, que teñen a intención de insubordinación individual ao Estado.

Neste senso esiximos igualmente a posta en liberdade de todos os mozos insumisos encadeados, así como a paralización de todos os procesos xudiciais. ♦

ANTONIO ARRANZ
(VIGO)

Coidado co novo código penal

Levo días a lle dar voltas no entendemento ao tema e o meu desacougo incrementábase a medida que o penso, polo que non sei se debería escribir isto, xa que estou preocupado, intranquilo e un

o mesmo xornal incluía dez páxinas despois a noticia de que "unha familia de Dozón tratou de entregar os seus tres fillos á Administración por non poder atendelos". "Non podemos darlle de comer", afirmou o pai Ramon Aser, quen percibe un salario en concepto de asistencia social de 45 mil pesetas.

Carmela Arias y Diaz de Rábago foi nomeada *gallego* (asi en masculino) *del año 1991*. Carmela Arias é condesa de Fenosa, dado importante se temos en conta que o premio, instituído polo Clube de xornalistas galegos en Madrid, está patrocinado por Unión Fenosa. (Por certo, non debería dona Carmela modificar o seu título e pasar a denominarse: **Condesa de Union-Fenosa?**). Todos os medios de comunicación, atentos ao rigor do noticioso, reseñaron con amplitude o acontecemento. Entregou o diploma acreditativo do premio, Xulian Trincado, alto directivo de Unión Fenosa. E estiveron presentes no acto Camilo José Cela e Manuel Fraga Iribarne.

Do número 2 de Andaina. "Hai mulleres que loitan un día e son boas; hai mulleres que loitan un ano e son mellores. Hai as que loitan moitos anos e son moi boas. Mais hainas que loitan toda a vida. Esas son as imprescindibles. Emma Abella (con permiso...)"

Alfredo Conde en entrevista en *La Voz de Galicia*, realizada por Xosé Manuel Pereiro e Santiago Romero, afirma que cando era

GONZALO

GALICIA:

PARAISO VERDE

XUNTA DE GALICIA

Plan Forestal

PROCESIONARIA

ENCANTADOR!

NANINA SANTOS

Xa sospeitaba eu que tiña sensibilidade Fraga para captar os desexos das mulleres galegas que se afanan na decisión das súas propias vidas.

Á demanda de postos de traballo, estabilidade no emprego, non discriminación salarial, reparto das cargas domésticas e familiares, información sexual e anticonceptiva, dereito ao aborto, guardarias..., resposta con bo tino no Parlamento ao falar do "estado da Nación".

A parir! e tres *per capita*, que a demografía do país anda achuchada. Farto de diversión, dixon, así, o que pensa. Mesmo mentou a quen non pode e a quen non sabe (esqueceulle quen perde as habilidades).

Tarefa que quer aprendizaxe de agonía, como sabe a adolescencia galega, que dá o índice máis elevado de embarazos non desexados; tarefa de empeño que as ratas ian seguido sen que ninguén lles poña escola.

Ignora "o Presidente" que a gracia da especie humana é ter sido quen de se sobrepor á bioloxía como cadea, ou dito doutro xeito, pasar "da casualidade á intención"?

Seguro que si o sabe, porén o que non dá encaixado é que as mulleres pertencen, tamén, á especie humana. ♦

A ALDEA GLOBAL

conselleiro pedía un informe a prol e outro en contra, antes de decidir calquera tema. Debeuse esquecer de pedir o **informe en contra** cando concedeu as axudas para estudos sobre a súa obra.

Cumplidores os do PP. Na proposición non de lei, realizada por Duran Casais, sobre autorización das descargas de mercaderías no porto, segue utilizando a denominación de **Puebla do Caramiñal.**

Golazo o do porteiro do C.D. Lugo, **Dominguez**, que conseguiu marcarlle ao Numancia cun tiro desde cen metros de distancia. Así non hai quen resista.



O tren **Talgo** foi solicitado en Alemaña para a realización de probas de velocidade. O modelo español acadou os 290 quilómetros por hora de máxima e os 260 de média. Pode que os alemáns esteñan interesados na compra. O que non se explica é que se gastaran 448 mil millóns de pesetas no tren de alta velocidade francés que fará o percorrido Madrid-Sevilla e que non superará os 250 quilómetros á hora.

tanto intimidado.

Comezarei dicindo que haberá que ter coidado coa publicación dunha noticia aínda que esta sexa verdade, porque pode ser tachada de difamación. Difamar segundo o dicionario lingüístico na súa 1ª aceición é: Tirar a boa fama ou crédito a unha persoa. Na 2ª di: Publicar e desonra de alguén. E agora eu pregunto: pode ser difamación a publicación —poño por caso— da corrupción, malversación, uso indebido, abuso ou mau uso que alguén faga nas súas funcións? Pode por isto o escritor ser multado ou encadado?

Haberá que ter coidado coa publicación dunha noticia aínda que esta sexa verdade, porque pode ser tachada de difamación.

Todos lembramos o caso do periodista deportivo J. Mª Garcia ao denunciar a Roca. Demostrou que os feitos eran verdade pero foi condenado. Outro tanto pódelle pasar a quen conte unha changada ou publique unha viñeta humorística —probe do noso Castelao— que non sexa do agrado do interesado, como o caso de Ramón no diario Ya.

Se fose aprobada a nova Lei, calquera podería ser multado até con 100 millóns de pesetas aínda que co paso dos anos se lle teñan que devolver os cartos pola súa inocencia. Claro que o mal xa estará feito e non terá remedio o emplastro.

En consecuencia, é incomprendible, para unha Democracia, que graves acusacións, todas elas demostradas, de corrupción, uso de información privilexiada, abuso de poder e xustiza non sexan obxecto de interese no Parlamento. Remítense á xustiza e esta di que non é competente, co que o caso se volve insolúbel.

O Coléxio de Periodistas de Cataluña calificou de "aberración xurídica" o delito de difamación e dixo: "supoñen un retraso no marco legal vixente... e en último termo, unha perigosa ameaza sobre o exercicio da liberdade de expresión e información, base dunha sociedade plural e democrática".

Non se pode facer o que se queira, mais si se debe facer o que se debe. E o que se debe facer é denunciar aos corruptos, aos malversadores do erário público, aos traficantes de influencias e usos de información privilexiadas —aínda que estas sexan en beneficio dun partido—, aos que abusan do poder e, enfin, por dicilo dunha



maneira clara e cha, hai que denunciar a todos aqueles que polo feito de ter sido eleitos nunhas eleccións, se cren con dereito a facer todo o que lles veña a xeito.

Como non se aprobou aínda a Lei, quero dar a miña opinión a respecto disto que tanto nos concerne. Todos os partidos políticos —excepto honrosas excepcións— non queren ser fiscalizados nen criticados, porque non queren que saibamos o que nos custan todos eles e porque nos partidos non mandan os militantes, nen os votantes que asistimos de comparsas ao entroido das eleccións, senón que son os mandóns de turno e os seus adlatares quen forman as listas pechadas e pactadas, polo que ningún quer moverse non vaia ser que non saia na foto.

A prensa —á que se chama o 4º poder— non o é todo na Democracia, pero axuda. Controlar prensa, rádio, TV e en xeral todas as informacións, é ter o poder para amoldar á opinión pública e á oposición á conveniencia e desexo do programador. As fontes informativas, sobretudo a TV, son o espello no que se reflicta a noticia. Ben se di que noticia sen imaxe non é noticia. E todo iso é porque os políticos, e en maior grao os que están no poder, lamentan o control que os meios de

expresión exercen sobre eles e porque desta maneira máis de catro se inteiran do que a eles non lles convén. Por iso de cando en vez aparecen as informacións cruzadas, terxiversadas e interesadas nun ou noutro senso, que fan difícil achegarse á verdade.

A actividade política, cando é de servizo ao país, é a cousa máis nobre se é levada con ética e moral até as súas derradeiras consecuencias. Non deben esquecer que son servidores do pobo que os elixiu, inda que eles non o desexen e, non esquezamos o feito, como dixo o filósofo Julián Marías, alá polo 1984 que: "Fai falta estar cego para non ver a progresiva e rápida diminución das liberdades en España".

Pero a cousa aínda é máis emblemática cando vemos á oposición pactar co poder para obter unhas faiscas do a eles lles sobra. Non pactan para obter proveito, senón para perderen credibilidade. Lembremos que a oposición que pacta co poder acaba por ser engulida ou ser un apéndice da mesma. A oposición cando non exerce como tal, destrúese a así mesma, pois non esquezamos que do pasado só quedan as accións. Alguén dixo que as derrotas de hoxe podían ser a gloria do mañá na historia. Hai que distinguir o esencial do ac-

cesório e ir restrelar as castañas aínda que o chan estexa mollado, pois o pobo xa está cabreado dabondo e canso de ir ás urnas para non ser nada.

Voltanto ao tema que nos ocupa, non entendo como non se fala máis disto, é como se a todos, periodistas e pobo en xeral, non lles interesase o asunto. Mais eu estou moi preocupado, dado que o proxecto non é moi específico e claro dabondo. Poda que un xuíz —dependendo de filias e fóbias— te culpe dunha acción á que outro non lle dará importancia e non fai falta dicir que, se se aproba esta Lei, teremos que volver a tempos anterios cando se soía dicir, falando en latín "macarrónico": *Cerebrus apretatus dicurren que se las pelan*. E tampouco convén esquecer que o noso é un pobo con enxeño. Non acostumamos a nos rir doutro médio país? Non somos o país máis irónico? Teremos que volver escribir entre liñas, como nos tempos da ditadura? De seguro que será así se é que se aproba a Lei de difamación. O bon do asunto, é que xa no 1990 todos os partidos políticos votaron no Parlamento do Estado, por unanimidade, a reforma das leis das liberdades para poder multar a todos aqueles que opinasen, para ben ou para mal, que esa era a cousa, non opinar sequer. Non queren que ninguén poda opinar e xa sabemos que o medo é nefasto para as sociedades e as nacións. Non volvamos á escuridade da longa noite pretérita. *Debemos protestar!* Non só os xornalistas, colonistas, reporteiros e directores, senón tamén, todos os lectores e o pobo sinxelo, o que le e o que escoita. Como dixo Tibério alá polos anos recuados da historia e parodiando as súas verbas: "As ovellas podes tosqualas pero non despelicalas" e eu diría: ao pobo pódenselle recitar rodas de muiño mais non obrígallo a comelas.

Xa que a verdade non é absoluta, a opinión debe ser variada e libre como o vento para viaxar no ar e chegar a todas partes. Xa-mais como agora foi tan palpábel o poder da comunicación.

Pío Cabanillas dicía que para gobernar e dirixir a política con acerto, tíñanse que eviten os erros. Tamén Platón ou Sócrates, non recordo ben cal dos dous, dixo: "A maioría dos homes no poder vólvense maos". Como se poderán inteirar do que non nos agrada se non se nos deixa dicilo? Non din que a Democracia é o soporte ás minorías e ás críticas?

Haberá que voltar a falar aínda que teñamos que o facer de "Amagatatis". ♦

Xosé L. VEIGA
(TARRAGONA)

Asemblea para a constitución da rede galega contra a pobreza e a exclusión social

O pasado Domingo día 15 celebrouse unha

Asemblea na cidade da Coruña para debater e profundizar na constitución da Rede Galega de loita contra a pobreza e a exclusión social, e a súa posterior adhesión á Rede Estatal e a Rede Europea. Non é esta a primeira xuntanza que se fai, pois é certo que varias organizacións non gubernamentais galegas (ONGs) tiveran encontros con membros da Permanente Estatal representada en Bruxelas.

Deste xeito as ONGs galegas, conscientes de

que a Galiza non podía quedar á marxe das decisións que se tomen en Europa sobre o tema da pobreza e a exclusión social, estamos a dar un paso —cualitativo— para estar en condicións de incidir nas instancias da propia Comunidade.

Converternos en grupo de presión europeo polo fin da marxinação, influir e intervir nos programas europeos de actuación fronte á pobreza, axudar a definir políticas sociais, fomentar e potenciar os

grupos de loita, manter unha crítica permanente e acadar a participación activa dos propios excluídos, serán sen dúbida algunha dos obxectivos a debater nesta Asemblea.

É importante que desde Galiza estexamos mellor informados co obxecto de exercer maior influencia na política social da propia Comunidade autónoma. O intercambio de experiencias, a formación, o dar a coñecer os nosos problemas no exterior, o non quedar fora dos

programas contra a pobreza, o acceso a diferentes apoios e servizos, pensamos que son razóns suficientes para participar neste proceso que estamos iniciando.

Actualmente o tipo de desenvolvemento económico e determinadas políticas sociais contribúen a crear e reproducir a pobreza e a marxinação.

De aí que a loita contra esta se convirta nun obxectivo de primeira orde. ♦

A NOSA TERRA
conta con tres páxinas para recibir opinións, gabanzas, críticas, informacións (texto, fotos ou deseños).
Envíos a:
A NOSA TERRA
A ALDEA GLOBAL
Apart. 1.371 36200
Vigo
ou através do
Fax:
(986) 22 31 01.

Filosofía e nación, eixos da IX Semana Galega de Filosofía

Celebrárase en Pontevedra do 20 ao 24 de Abril

■ XAN CARBALLA

Fieis á súa cita anual, a Aula Castelao de Filosofía convoca en Pontevedra por noveno ano a Semana Galega de Filosofía. O eixo sobre o que van xirar as principais reflexións é o de *Filosofía e Nación*, en verbas de Domingos García "como avanzar no mundo a recoñecer a diversidade das identidades, un internacionalismo que una pero non uniformice".

A cita é do 20 ao 24 de Abril en Pontevedra, e o elenco de figuras anunciado confirma a liña ascendente da Aula Castelao. Tres blocos diferenciados permitirán recoller o debate teórico sobre o nacionalismo, en sesións matutinas coordinadas por Enrique Dussel, que desenvolverá unha ponencia titulada "Nacionalismo, colonialismo e periferia do capitalismo. Unha análise desde a filosofía da liberación". Dussel dirixulle aos ponentes unha carta na que



les pedía especial atención a Galiza, "por ser unha nación que se encontra dependente dun estado", para emarcar os seus traballos. Nestas sesións de mañá intervirá Etienne Balibar ("Clase e nación: as identidades ambíguas"), que contempla tamén o declive das soberanías dos estados-nación criados após a Revolución francesa; os nacionalismos dos Balcáns e da ex-URSS, verdadeiros motores da nova atención redobrada en Europa ao problema nacional, estarán tratados polo director do Instituto de Filosofía da Universidade de Zagreb, o croata Franjo Zenko ("Que significa *filosofía dun povo?*") e Eduardo Demenchónok, da Academia das Ciencias de Rusia ("O problema nacional: a experiencia rusa"). Os demais ponentes destas sesións matutinas son Raul Fornet-Betencourt, director da revista internacional de filosofía *Concordia* ("Pensar a fronteira: función e sentido no presente momento histórico"), Sami Nair ("A crise do nacionalismo no terceiro mundo: o caso magrebi") e Marcos Roitman ("Democracia e estado multiétnico en América Latina").

Pensamento galego

As sesións da tarde, na que se concentran ponencias e comunicacións, está integramente adicada a repasar a situación galega "Trátase de dilucidar as potencialidades de Galiza como nación, a viabilidade da súa soberanía nun contexto complexo de crise e reconsideración. Pédeselle aos ponentes un diagnóstico da Galiza actual e as súas perspectivas de futuro, tendo presente os horizontes posibles dunha federación, confederación



A Semana de Filosofía chega á súa novena edición, con Mário Benedetti como figura principal na xornada de clausura

ou independencia". Nesta xeira ocupáranse do aspecto económico Claudio López Garrido, Alfonso Paz Andrade e Xan Carmona; da situación polí-

tica Xosé Luis Meilán Gil, Xosé Ramón Barreiro e Francisco Carballo; sobre a cultural e lingüística disertarán Manuel Rivas e Francisco Rodríguez, desenvolvendo o tema "A sociedade: conflito de clases e conflito nacional", Ramon

López-Suevos e Fermín Bouza.

Na ringleira de comunicacións anunciadas abórdanse temas que se saen directamente do tema central da *Semana* pero que amplían temáticas abordadas noutras ocasións.

Así Andrés Martínez Lois ("O pai Feijoo: cosmopolitismo cultural e impulso patriótico") e Pilar Allegue ("Algunhas reflexións sobre Concepción Arenal e Xeremías Bentham a propósito da xustificación da pena, do papel das colónias penais e a deportación") incrementarán o corpus que se vai estudando ano tras ano sobre "Pensamento galego", tratado na cuarta e quinta edición, e recollido nun libro do que se apresentará a segunda edición. Tamén se publican os libros "América Latina, entre a realidade e a utopía" e un ensaio sobre Xoán Vicente Viqueira, do presidente da Aula Castelao.

Nacionalismo no Estado español

As sesións de noite resérvanse para o tratamento da problemática nacional no Estado español. Con Euskadi en pleno proceso de desbloqueo da negociación, con Cataluña dominando crecentemente o mapa electoral polo nacionalismo e no noso país co intento de usurparlle o terreo ao nacionalismo por parte das forzas sucursalistas, as conferencias da Semana de Filosofía prometen despegar moitas interrogantes. Para iso a organización anuncia a presenza de Francisco Letamendia ("Herri Batasuna e Euskadiko Esquerra: implosión e explosión da idea nacional"), Ramón Maiz ("O nacionalismo galego") e Francesc Mercadé ("Nación e nacionalismo en Cataluña"). Completarán as xornadas Michael Löwy, que desde a súa cátedra de socioloxía da relixión en París e do estado das relacións entre nacionalismo e marxismo, explicará o tema "Nacionalismo e internacionalismo no mundo de hoxe", deixándose para a lección de clausura a intervención do escritor uruguiano Mário Benedetti. ♦

Domingos García

'O nacionalismo en defensa da diferenza'



Domingos García, á esquerda, nunha reunión da Aula Castelao

"Temos que situar o debate sobre o nacionalismo no actual contexto económico, político e ideolóxico. No económico camiñamos cara unha mundialización do capitalismo con tres eixos de poder claros: unha CEE aínda artellándose na que Alemaña pugna por satelizar aos países do Leste e dos Balcáns, por outra banda Xapón e finalmente os Estados Unidos, exercendo un dominio político determinado polo complexo militar-industrial. No terreo da cultura espállase como unha mancha de aceite que todo o ensope o modo de vida americano, convertindo a cultura nun artigo

máis do mercado. Nos últimos anos enchémonos de ver como pechan revistas, editoriais e xornais incapaces de facer fronte á presenza imparábel dos grupos transnacionais".

Domingos García, presidente da Aula Castelao, precisa as liñas de pensamento dos organizadores á hora de artellar o programa e esboza algunhas das posibles conclusións do marco no que ten que dar respostas o nacionalismo, "hai que distinguir dúas concepcións nacionalistas que ás veces se solapan interesadamente. Hai un na-

cionalismo sucursalista que finalmente o que persegue é maquillar o capitalismo, que podería ser o caso dalgunhas das recentes independencia do Leste. Frente a isa concepción ábrese paso un nacionalismo asociado aos movementos alternativos (ecoloxía, feminismo, pacifismo...) que procura modelos económicos autocentrados e ecolóxicos. Este nacionalismo estaría na procura dunha descentralización política con carácter antimilitarista, profundando nunha democracia de base e defendendo a diversidade cultural e a identidade lingüística". ♦

7 DIAS

Transferencias de patrimonio

Apesar de termos goberno autonómico desde hai unha década aínda non se completaron transferencias sobre a titularidade de edificios ou monumentos públicos como o Castelo de Monterrei, a Muralla de Lugo ou o Museo das Peregrinacións. Se na última campaña electoral Jordi Pujol afirmou que non tiña sentido a existencia dun ministerio de



Aspecto da muralla de Lugo.

cultura español, as reivindicacións crecentes das diferentes autonomías van dando senso a esta afirmación.

Na última reunión entre Daniel Barata e Jordi Solé Tura abordouse tamén a creación dunha comisión paritaria entre ambos organismos, na que se podería abordar tamén a reivindicación da Xunta de que o 1 por cento que se retira das obras públicas para investimentos en

patrimonio, sexa coxestionado directamente desde Galiza. ♦

O comezo do Instituto Camões

Dependente do Ministerio de Educación, con conexións con Asuntos Exteriores e a Secretaría de Estado para a Cultura, en Portugal ven de constituírse o Instituto Camoes, que sería o encargado de asumir as funcións relacionadas coa difusión e dignificación da lingua portuguesa. No seo deste organismo, sen estrutura aínda definida, súmese e finaliza o seu labor a CNALP (Comissao Nacional de Apoio à Língua Portuguesa), que levara o peso da transformación ortográfica do portugués. Se aquel 16 de Decembro de 1990 a CNALP tomou unha decisión histórica, tamén foi o intre no que comezou a decaír o seu labor público. ♦

Empresas en galego

Respondendo a unha campaña da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, LARSA incluírá no texto do seu convenio colectivo o recoñecemento expreso do dereito dos traballadores a desenvolver a súa actividade laboral e profesional en galego. LARSA está mudando a rotulación da súa flota de camiións adaptándoa ao galego, e a dirección da empresa decidiu tamén que as facturas entregadas aos labregos vaian en galego.

A AFNLG dirixiuse a máis de cincocentas empresas para que fagan valer os dereitos lingüísticos dos traballadores, lembrando que só se chega ao 1 por cento de convenios asinados en galego, péis a un acordo de compromiso cos sindicatos.

Outra empresa que está a mudar topónimos, carteis e billetes para o galego é Castromil. ♦

Cultura alternativa

Aos do pub compostelán "Casa das Crechas" ocoréuselles que tamén tiñan dereito a un anaco de 92, e aproveitando a data do seu 5º aniversario como local desplegaron un extenso e chamativo cartel de actividades culturais. Entre coches oficiais, banda de música, militares e clero, e mesmo infantes ataviados co "traxe rexional", un Fraga tras o que se ocultaba un coñecido actor galego pronunciou un pregón de apertura "ad hoc", vixiado por celosos gardaespaaldas (compoñentes do grupo *Ollomol* e outros actores).

O mesmo elenco protagonizou ao día seguinte varios sketches, segundo informa G. Vilas, que poderían alinear-se entre o máis fresco que se está a producir nos cenários galegos hoxe. Ao tempo, o afamado e virtuoso

gaiteiro irlandés Davy Spillane atinou a visitar os amigos que deixara en Santiago, mentres esperaba actuar en A Coruña, e brindou unha actuación sorpresa aos afortunados que pasaron polo pub nese día. Actuaron despois, e en días sucesivos, os grupos galegos "7 Luvas Blues", o cuarteto de jazz de Quique Alvarado, os conxuntos folc "Fol de Niu" e "Dhais", o escocés "Míró", aínda o han facer o grupo de títeres "Viravolta", e os musicais "Armeguin" e "Galerna", os días 23, 24 e 25 respectivamente. Tamén editaron unha historia do pub en forma de "cómic" que relata as distintas fases deste vello local, e as peripécias da súa nova etapa. Este esforzo, realizado sen nengunha axuda ou subvención, constitúe unha insólita oferta cultural fóra dos circos habituais, e contribúen a converter aínda máis a este local enclavado preto da catedral, en plena Vía Sacra, nun xeito de "Meca" do folc tocado ao vivo. ♦



PEPE CANDEL

Relevo inexplicado de Luis Cochón como xerente do IGAEM

O primeiro xerente do Instituto das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), Luis Cochón Touriño, apresentou a súa renuncia ao cargo. O concello reitor nomeou como substituto a Luis Cordeiro.

Aínda que a presidencia do

IGAEM oferecese como explicación do relevo *razons persoais* do primeiro xerente, eran ben coñecidos nos medios relacionados coa recén criada institución a oposición da Consellería de Cultura ao estilo de xestión de Luis Cochón. A oposición do conselleiro Daniel Barata, da directora xeral Paz Lamela, e do secretario xeral técnico Homero Pérez á persoa do xerente, bloqueou de feito o funcionamento do IGAEM

nos últimos meses.

Apesar de que foi instituído como réplica doutros organismos autónomos do Estado para a xestión independente do teatro e a música, no IGAEM descóbrense a tendencia a reproducir os mesmos vicios de orixe que via solucionar. O intervencionismo desde a Consellería de Cultura e a interferencia e burocratismo co que intervéñen na asignación

de orzamentos, con fines partidistas e eleitorais, via entorpecendo desde arriba a xestión eficiente do IGAEM.

O novo xerente Luis Cordeiro, foi deputado na segunda lexislatura por AP, así como vice-presidente do Parlamento galego e presidente da Deputación Provincial de Lugo por partido de Fraga. Na última lexislatura formou tandem con Carlos Mella. ♦

A RESPOSTA PERFEITA

Fruto dunha evolución cara a perfección, cara un servizo integral, cara unha estrutura comercial moderna. Fruto dos novos tempos que corren para as empresas de rótulos e sinalización,



PLASTNEON transformouse agora en **GRUPO IBER**

RÓTULOS: ACEIRO - LATÓN - METACRILATO - GRAVADO - NEÓN - MARQUESIÑAS

FÁBRICA: Estrada do Porriño a Mosende, Km. 1,5 Telf.: 33 08 79 Fax: 33 65 05 Apartado 31 36400 Porriño VIGO: Gregorio Espino, 27 [A Doblada] Telf.: 37 95 21 36204 VIGO PONTEVEDRA: Palamios, 5 36001 Pontevedra

Leituras

O silencio necesita valedores

O enterro da galiña de Domitila Rois, de Helena Villar

Helena Villar Janeiro estése (en solitario) como narradora para "adultos". Antes, segundo lapela editorial, fixo poesía e relatos destinados ao público infantil e xuvenil (quer dicir, esa caste de literatura corruptora da infancia e da mocidade, cuxos dous maiores exemplos, que todos teiman en copiar, son *Platero y yo* e *O principito*, quizá as dúas narracións máis falsas de toda a literatura mundial). Non é lugar aquí para falarmos da literatura chamada xuvenil, pero, persoalmente, recoméndolla a todo aquel que sexa optimista por natureza. Logo de ler eses libros adicados aos nenos e mozos, se non lle entra a depresión, pouco lle faltará. Eu uso desa literatura para tomar á realidade cando, por agá ou por be, entro nun estadio de frenesí. Mais deixemos, por un momento, esa clase de literatura.

Diciase que Helena Villar Janeiro estreabase en solitario como narradora para adultos: **O enterro da galiña de Domitila Rois**⁽¹⁾. Como todo libro narrativo que se prece, que se teña en consideración (ou autoconsideración) "recibíu unha axuda ó fomento da creación literaria segundo a Orde de 17 de abril de 1990 (D.O.G. do 19/4/1990)". O volume ten 10 narracións. Dez narracións que están no meio do relato chamado para adultos e da literatura que chaman infantil-xuvenil. Lea, repase o lector o relato que dá título ao volume. Moralina, frases poéticas saídas de ton. Remate previsible. O segundo conto, "Metamorfose" que se pode dicir del? Que é obra dunha principianta?

Helena Villar Janeiro non sabe rematar os contos. Nen de estrutura fechada —quer dicir, cun remate sorprendente, pois non hai remates sorprendentes senón cantados nestes relatos— nen de estrutura aberta. parecería que a autora remata os seus contos cando a escrita non lle dá para máis. Non sabe usar



Miguel Pernas e Inma Souto nun intre de Tagen Ata.

nen da ironía profunda nen da superficial. Enche os relatos de moralina e as máis das veces, debe ser o costume de se dirixir aos máis "novos", parecen contos contados aos nenos para que saiban o que é vida: "Dous oscars, tres divorcios, unha viuvez, a nai abusiva, unha irmá tola, dous fillos e máis de oitenta películas —a maior parte delas sobre tonterías— estarán a favor de B. D. Ti, en cambio, aportarás a experiencia vital da fame continuada, o lastre da emigración e do abandono e da absoluta e derradeira soedade".

Outras veces a autora parecería que quixer que o lector inventar el o relato —coidado, non se está perante desa cousa chamada literatura interactiva— "O neno do gato", relato completamente descontrolado onde o cambio de persoa narrativa é un mero capricho da escritora, que non ven dado pola estrutura (ou movemento interno) do conto. O relato "Unha nova visión de Acacia Holgado" é ese relato mil veces contado na literatura galega para infantés (e na poesía) ou non. De Castelaio ao nome que vostedes queiran pór. A moralina, a pobreza da escrita "xogos convencionais", "disciplina motriz", etc. converten este texto nun dos piores relatos da literatura galega das últimas fornadas. Ás veces a autora remóntase "O sesenta cumpreanos de Maximiliano Aldán", ben que non consegue Helena Vi-

llar Janeiro a atmosfera necesaria para dar a impresión de terror e medo que ten a protagonista. Contodo, é, co último do volume, o mellor relato do libro. cousa que —por outra parte— non quer dicir absolutamente nada.

O enterro da galiña de Domitila Rois é un máis deses volumes que fan medrar a produción editorial galega a cada ano. Tamén é deses volumes narrativos que mostran a sabedoria dos escritores galegos que non saben que narrar pero fan libros narrativos: "E atopeime coa sorpresa de que o silencio era unha auténtica peza de ourivesaría vexetal para completar a miña arte aínda que nunca fora consciente de tal feito" (páx. 46). Mágoa que moitos dos nosos escritores —que reciben bolsas para a creación— non se den conta de que o silencio é unha rara peza de ourivesaría. Tamén é mágoa que estes mesmos escritores non teñan a paixón do coleccionista: por aquilo de que as raras pezas compre gardalas ben. E o silencio é unha rara peza.

Non coñezo, nen me interesan, os requisitos que fan falta cumprir para acadar unha desas bolsas de creación que dá a Xunta de Galiza. Non sei, nen me interesan, que criterios se seguen. O que si me interesaría sería dicirlles aos que convocan e dan as bolsas, á creación, que algun ano destinasen algunha beca desas ao silencio. a dárllela a un o varios escritores que prometesen non escribir nada durante unha boa tempadiña. Para non aborrecer ao persoal, que está moi queimado. ♦

XGG

1) Galaxia-Narrativa nº 99. Editorial Galaxia. Vigo, 1991. 128 páx.

conta de libros



Lisboa cara 1875. Francisco Rocchini.

Coloquio de luxo

Ao xeito da revista que alguns anos editou o Ministerio de Cultura español, as publicacións da Fundación Gulbénkian logran o milagre da

continuidade en progresivo aperfeiçoamento. O último número que recibemos, coidado ao detalle, con fotografías e grabados estampillados en bicromía, está intitulado "Entre Machado e Eça. Reflexões sobre o romance". Inclúense a maiores as habituais

seccións de crítica poética, documentos e resñas de libros. Atópase nalgúns librerías galegas ou pódese pedir á Gulbénkian (Avda. Berna 56-3º. 1093 Lisboa). ♦

A ecuación do teatro de Cunqueiro


Luisa Villalta é a autora da última entrega de *Laivento*. Trátase dun estudo sobre a obra *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* de Alvaro Cunqueiro, apenas estudada. Luisa Villalta trata de resolver a incógnita de quen é Hamlet para Cunqueiro, explicando a xénese da solución que o

escritor de Mondoñedo dá ao enigma que encertara coa traxédia de Shakespeare. ♦

Estudo sobre os cárceres

A editora vasca Gakoa Liburuak, edita un traballo do sociólogo César Mazanos Bilbao, que profundiza no problema do cárcere como instancia clave á hora de aprofundar nas políticas criminais e sociais propias das sociedades posmodernas. Explica os procesos e mecanismos através dos cales se institucionaliza a marxinação social. O título é *Cárcel y marginación social*, e pódese pedir no teléfono (943) 28 34 56. ♦

Teatro



Non voltaremos a Tagen Ata

Tivemos oportunidade de ver **Tagen Ata** en versión de Eduardo Alonso e Manuel Guede para unha coprodución das compañías Producións do Noroeste e Teatro Caritel no incomparable e ruinoso Rosalia de Castro da Coruña —espacio fabuloso pola acústica e teatralidade, mas ferido polos anos e deixadez.

Unha cativa entrada, propiciada talvez pola multitude de personaxes que povoaban as ruas da Coruña (nunca tan cerca do teatro) acudimos ao convite do "conto cénico para unha actriz, un actor, unha pistola e un proxector cinematográfico" que non resultou ser exactamente tal, xa que había polo menos dúas pistolas, o conto era cénico só por casualidade, o actor era tres e a actriz —pobriña— non tiña personaxe. De certo, o conto, a novela, nunca deixou de ser e nada aporta a versión cénica que mereza tal esforzo, a non ser a comodidade do espectador a respeito do lector. Ser lector é un exercicio de vontade —cando menos veste na obriga de pasar páxina, enfiar palabra a palabra os sintagmas— mentres o espectador reside nunha cómoda cadeira e apenas ten que abrir os ollos e deixarse transportar e só no caso de ser verdadeiramente transportado comeza o exercicio.

A difícil complicidade entre teatro e cine na conxunión dun único espectáculo resulta aquí falida

ta aquí falida, embora o cine pretenda explicar aquilo que nas táboas se nos nega. Fica, enfin, o proxector cinematográfico supeditado á trama do conto, o cal nos parece tan absolutamente pretencioso como inútil, sobretudo se se pretende darlle un soporte dramático.

Os cadros perden o senso e os fios que relacionan as personaxes estan coutados. Ficamos fondamente violentados polo asalto da cena da chuva. A cena da cama non se aguanta se non se nos presenta a idealización, a mistificación que se produz a ollos de Rotbaf —a muller— da figura do poeta nacional, exemplar loitador da causa de Tagen Ata contra Terra Ancha, Ulm Roan.

Canto ao traballo actoral, subliñar a un Miguel Pernas que encarna con soltura e axilidade os diferentes rexistos aos que se ve sometido, poñendo carne e dando carne á prateia. Inma A. Souto está fría ou é xélida a súa personaxe? Cuais as tensións, onde a progresión, a evolución da personaxe feminina na dramaturxica? Podería ter matado a Ulm Roan antes de chegar a Tagen Ata!

En definitiva parécenos un espectáculo falido na concepción, con enormes eivas na versión —é imperdoábel deixar unha actriz sen personaxe— e, por suposto, na dirección —culpábel último de todo.

Só nos resta agardar que o labor de Eduardo Alonso para "O soño dunha noite de verán", próximo espectáculo do Centro Dramático, consiga o que con Tagen Ata non foi capaz: Transportarnos. ♦

FRANCISCO SOUTO

Cine

O NOVO CINE DE GANGSTERS

Nada novo baixo o sol

Bugsy

Recoñezo que non fun moi convencido a ver **Bugsy**. Tiña certa saturación do cine de gánster e, sobretudo, estaba convencido de non topar nada novo nen mellor do xa ollado nos últimos anos. Certamente, ninguén pode esquecer obras como a saga dos "Padriños", "Érase unha vez en América", a inxustamente marxinaada e gran película de Sergio Leone, "Morte entre

en menor medida, "Un dos nosos", que teñen aportado algúns dos momentos máis gloriosos do rexurdir deste xénero nas últimas dúas décadas. E é evidentemente a lembranza destas fitas sobranceiras, o que fai difícil calquer novo achegamento ao xénero e, desde logo, que este se produza ao mesmo nivel de calidade. Finalmente a realidade de **Bugsy** veu confirmar as miñas dúbidas e sospeitas. Porque esta biografía daquel gánster psicópata e excesivo, dandy e presumido, amigo de actores como George Raft, Gary Cooper ou Cary Grant, enamorado de si mesmo, visionario e inspirador da fundación da cidade de Las Vegas, non parece ofrecer nada novo no proceso de re-

(Pasa á páxina seguinte)

Cine

O NOVO CINE DE GANGSTERS

(Ven da páxina anterior)

ción do xénero; un máis dos que a falta de orixinalidade e o medo á capacidade de risco dunha industria que, como a hollywoodiense, (hoxe nas horas máis baixas da súa historia) está empeñada en facer rexurdir (a crise do sector do cine nos Estados Unidos, está moi emparentada coa galloupante recesión económica pola que atravesou o país, que coincidiu o ano pasado coa espectacular caída de espectadores e co aumento dos custos de produción nun 185%).

De entrada, a realización é plana, carente da forza dun Scorsese ou dun Coppola, sen ritmo, con demasiadas zonas de sombra e sen acadar xamais o tono convincente e catártico tan obrigado neste tipo de filmes; e isto, apesar dos esforzos interpretativos dun Warren Beatty máis narcisista que nunca. Teño para min que o espectador terá que facer esforzos para non desentenderse definitivamente da historia que esta a ollar e que so será capaz de espertar, de cando en vez, cando a tensión suba de tono que, por outra banda, sempre é en ocasións sincopadas, sen os crescendo fortalecedores do climax preciso que fai que estas fitas funcionen como perfeitas maquinarias de relojería (esta ausencia de crescendo era parte tamén da identidade de "Billy Bathgate", esa recente incursión no universo do gangster feita por Robert Benton). Barry Levinson, o seu director, posibelmente mercenario ao servizo do ego de Beatty, non ten a garra, nen a forza suficiente para esbozar unha narración que sobrepease as canles estreitas do puramente funcional e rotinario para ser capaz de aportar unha armadura cinematográfica baseada nunha sintaxe e unha escrita en imaxes poderosa e sólida. Xa o subliñei máis arriba: non estamos diante dun Coppola, dun Scorsese ou dos Cohen. Para pór en marcha un proxecto tan ambicioso como "Bugsy", sería preciso botar man, non dun ilustrador de historias en movemento, só coñecedor da rutina do seu oficio, senón dun cineasta poderoso, dotado dun universo criador propio e recoñecíbel e que fose capaz de transmitir con convicción, espectacularidade e atractivo, a historia megalomaniaca do protagonista.

Non hai nada na fita que faga esquecer non a clásicos mudos como *A lei do hampa* ou *Os peiraos de New York* de Sternberg

Desde outra perspectiva, cumpre resaltar que o guión de *James Toback*, proposto para o Oscar como Beatty ou Levinson, adolece tamén desa falta de brio que amosa o conxunto. Non chega con ter a certeza de que a biografía deste gangster compañeiro de Lucky Luciano e Mayer Lansky, obsesionado con asasinar a Mussolini e perdidamente enamorado dunha "pin-up", herdeira lexítima das compañeiras dun *James Cagney* ou un *Paul Muni* (heróis míticos de "The Public Enemy" de Wellman ou "Scarface" de Hawks, alá a comezos dos anos trinta) poda



Fotograma de *Bugsy*, con Warren Beatty e Annette Bening e dirixida por Barry Levinson.

resultar atractiva ao espectador; sería desexábel que esta hipotética certeza pudesese ser transplantada á escrita cinematográfica coa mesma dose de paixón e credibilidade. Desgraciadamente, os resultados finais non parece que fosen os previstos.

Por outra parte, non é doado manter no 95% das secuencias do filme a faciana sobreactuada de Beatty sen caer na reiteración. Apesar do seu inegábel esforzo interpretativo e apesar tamén da explotación do seu "glamour" estudado, o irmán menor de Shirley MacLaine nen ten o talento nen o magnetismo diante das cámaras que tiñan un Cagney ou un Edward G. Robinson, auténticos deuses maiores do universo cinematográfico do gangsterismo... O resultado é pois a saturación e o empacho da súa imaxe e case o esquecemento doutros rostos, e isto, apesar de que no filme, interveñen actores da entidade de *Ben Kingsley* ou, sobre todo, Harvey Keitel, misteriosamente propostos para os Oscar aos mellores actores secundarios, mália a escasa minutaxe dos seus papeis. Esta falta de brio á que me refería antes pode ser atribuída tamén ao traballo musical de *Ennio Morricone*, tan espléndido case que sempre, pero que en "Bugsy" parece vir presidido pola preguiza e o desinterese.

Non hai nada novo pois na fita, nada que faga esquecer non xa a clásicos mudos como "A lei do hampa" ou "Os peiraos de Nova York" de Sternberg, senón a mostras sobranceiras e xeniais do sonoro que como "Hampa dourada" de LeRoy ou "As ruas da cidade" de Rouben Mamouliam, conectan coa exploración que sobre o universo gangsteiril propuxeron Coppola, Leone, Scorsese ou os Cohen; propostas que, aínda que situadas en coordenadas históricas cercanas a *Bugsy*, representan obras de maior entidade e valor. Por iso non vexo xustificadas as 10 nominacións acadadas pola película e entendo que só a proverbial miopia e gregarismo dos 5.700 membros da Academia de Hollywood, poderá impedir que na cerimonia de entrega das estatúas a finais de mes, *Bugsy* non sexa unha das grandes derrotadas. ♦

CELSO X. LOPEZ PAZOS

Educación sentimental

Billy Bathgate

O cine negro americano foi unha das máis ricas vertentes do cine dese país, un xénero através do cal pódese seguir a evolución histórica dos Estados Unidos e o espello dunha moral, con especial atención ao erotismo e á violencia, poucas veces de acordo coa norma que se pode encontrar en xéneros máis convencionais coma o musical e o drama amoroso.

Producido pola poderosa Disney, *Billy Bathgate* é a última volta do fuso no cine de gánsters. Hai que recordar as moi recentes *O padriño*, *terceira parte* de Coppola e *Un dos nosos* de Scorsese, as duas excelentes, para comprender o que pode haber de moda tras a filmación de *Billy Bathgate*. Se ademais se subliña que a estrea da finta coincidiu con *Malone*, película de Levinson con Warren Beatty, e que conta a historia do famoso mafioso de Las Vegas, compréndese mellor o interese da produ-

toras en resucitar un xénero.

A intención non é má, sobretudo nestes tempos onde a maior parte do cine americano está pensada xa non para nenos senón para infelices mentais. *Billy Bathgate* foi, antes ca película, unha boa novela de Doctorow —o autor de *Ragtime*—, editada en España con escaso éxito e que é unha reflexión divertida e chea de vida sobre o aprendizaxe da adolescencia no East Bronx, feita por un rapaz que se inicia no mundo da máfia dos anos posteriores á depresión. O relato, unha especie de novela picaresca á americana, posuía un sentido do ritmo e unha imediatez para contar unha particular educación sentimental moi notíxibel. Como en *Ragtime*, Doctorow mistura personaxes reais —Dutch Schultz— con heróis novelescos dunha maneira viva e apaixonante.

A película está chea de nomes prometedores. O guión adaptado por Tom Stoppard, un dos mellores autores teatrais británicos —*Rosencratz e Guilderstein están mortos*, logo transformada en película por el mesmo, galardoada co primeiro premio da Mostra de Venecia de hai un par de anos e aínda non estreada en España— que xa fixera moitas adaptacións ao cine coma *O cónsul honorario* ou *A*

casa Rúsia. Do lado da dirección está Robert Benton, primeiro guionista —*Bonnie and Clyde*— e logo director —*Kramer contra Kramer*, *Nun lugar do corazón*; películas famosas ben que moi sensibleiras, pero que demostraban —sobretudo na primeira, *O gato chama ao asesino*— unha grande intelixencia na maneira de narrar. E da parte dos actores: Dustin Hoffman, Bruce Willis —afortunadamente nun papel secundario que mostra o contido do actor, o que demostra a paciencia de santo de Benton. Sen esquecer a fotografía do habitual de Benton, Néstor Almendros que volve dar unha lección de claridade, case sempre con iluminacións directas, sen a sofisticación e os *flous* tan abundantes nas películas de época.

O resultado é unha película entredida, lonxe do orixinal novelesco e onde cada elemento

—desde unha boa interpretación de Hoffman, como nel é habitual— é notábel pero onde falta esa chispa que tiñan as ilustres precedentes de Benton, que está lonxe de Scorsese, tamén porque a película xira arredor do xoven Loren De-an, elexido máis polo aspecto físico que polas dotes de actor —sobretudo se se compara a Ray Liotta en *Un dos nosos*, un papel co que garda máis dun punto en comun. A longa duración da película —o que lle supuxo unha longa serie de problemas no seu país, onde o recibimento da mesma por parte da crítica e do público non foi moi calurosa— pode cansar a un espectador que busque nela un simples relato de acción, cousa que está lonxe de ser: o seu carácter de relato de formación, a aprendizaxe dunha serie de códigos morais no medio duns tempos confusos segue sendo a esencia de *Billy Bathgate*. ♦

CARLOS AMARO

Temos moitas teas
que cortar

XAMONERIA
ABRENTE

METRO E CUARTA
TECIDOS

MÉNDEZ NÚÑEZ 27
EDIFICIO AVENIDA
CANGAS

Álvaro Cunqueiro 34, Teléfono 48 27 54 - 36211 Vigo

HISTORIAS DE CINCOCENTOS ANOS

En cinco anos Latinoamérica pagou aos bancos 10 billóns máis do que recibiu deles O expolio que non acaba

■ XOSÉ LOIS CORTIZO AMARO

Hai quen din, en resposta ás posturas críticas, que non se pode xulga-la conquista de América coa ética de hoxe. ¿Temos que entender logo que a "ética", ou a coherencia coa ética, mudou pra millor nestes cinco séculos? Unha cousa está clara: o expolio, único obxectivo da conquista, continuou e continúa, tan imposto pola forza coma sempre.


O "descobrimiento" de América abreu á Europa un mundo novo, "selvaxe", cheo de ecosistemas inda non esquilados e de pobos inda nos expoliados. A cardura dos conquistadores foi ben grande, pois non se contentaron con roubar, senón que fixeron traballar ós indíxenas no roubo que sufrían. As leis de Burgos de 1512 feitas co gallo de que en América "non había leis", daban a cada conquistador dereito a posuír entre 40 e 150 escravos "encomendados". Cando os indios escasearon ou faltaron, recorreron ós africanos: dez millóns de escravos pra América, quen sabe cantos morreron nas cacerías e nas viaxes. Así, durante moitos anos, os indios e os negros malviviron e morreron pra enriqueceren Europa, mentres América se empobrece.

Despois chegou a independencia ás colonias. Algunhas delas aprenderon ben a lección e hoxe forman parte do millor coño da Civilización Occidental. O territorio de Nova Inglaterra, poñamos por caso, cadrou que era moi rico. Os seus colonos empezaron por se desfacer dos indios, independizáronse e dedicáronse a explotar e sobreexplotar os seus ecosistemas —cunha axudía dos escravos negros, hai que dicilo todo—; acumularon riqueza e, polo tanto, poder, e chegaron moi arriba na lista dos expoliadores. Son os "americanos".

Pero as máis das colonias non tiveron esa sorte, a súa "independencia" foi papel mollado. Herdaron unha dependencia case total do mercado, que os obriga a vender alimentos e materias primas e mercar productos industriais e tecnoloxía, militar en gran medida (Brasil é o cuarto exportador mundial de alimentos, pero dous tercios dos brasileiros están desnutridos ou pasan fame); e, claro, ¿quen impón os prezos de todo eso? Herdaron inxustizas socias, tensións étnicas e fronteiras inventadas que as desangraron en continuas guerras civís e das outras. Herdaron a semente de moitas dictaduras; ¿quen as apoiou e se beneficiou delas? Nin tan xiquera eran e son propiedade deses países moitas das riquezas que o expolio colonial deixou, senón de compañías extranxeiras (hoxe multinacións).

O gran negocio da débeda

A débeda externa é o último e mi-



FIRO FOTO

A represa de Itaipú entre o Brasil e Paraguai, a maior do mundo, desprazou 40.000 persoas. Os guaraníes de Ocoi-Jacutinga perderon 1.500 hectáreas, recibindo "en compensación" 253. Despois deso e dos estragos ecolóxicos, resulta que non vai ser amortizado o seu custo, por causa da erosión que está a enche-la represa, nos 30 anos que se lle calculan de vida útil".

Citybank fai no Brasil o 6% dos seus investimentos, pero recolle alí o 25% das súas ganancias mundíais.

Ilor invento dos países ricos pra que todo sega coma sempre. Os empréstimos foron parar ás contas bancarias dos dictadores e máis seus amigos, perdéronse en proxectos mal deseñados por funcionarios irresponsables, gastáronse en armas e nos seus utilizadores ou, no millor dos casos, investíronse na caste de desenvolvemento que lles conveña ós países que emprestaban os cartos, facendo ós países criollos de América Latina a cada paso máis dependentes.

Hoxe, máis ca o intercambio comercial inxusto, o gran negocio está en cobrar e negociar os itneres dunha débeda case imposible de saldar, coa que os poderosos teñen todo atado e ben atado. O presidente de Citicorp, unha das principais corporacións bancarias dos EUA, ameazou con cancela-los investimentos en Uruguai se ese país reducía a súa débeda externa coa corporación. O citibank fai en Brasil o 6% dos seus investimentos, pero recolle alí o 25% das súas ganancias mundíais. En cinco anos Latinoamérica pagou ós bancos occidentais 10 billóns de pesetas máis do que reci-

biu deles. Os indios, negros e pobres en xeral seguen a malvivir e a morrer pra que Europa e os novos socios ricos do Norte se enriquezan; Latinoamérica segue a empobrecerse.

O difícil soño da independencia

Xa non son precisas, normalmente, as armas, pra que os expoliadores impongan a súa lei. Xa se encargan deso, dende as limpas oficinas das multinacións do comercio e do diñeiro, executivos coa conciencia moi tranquila. Deles dependerá, poñamos por caso, que este ano o número de nenos de menos de cinco anos que morra de miseria sexa trece ou catorce millóns.

Pero se por acaso algún despista-do se quere rebelar contra tanta inxustiza, non hai problema ningún en utiliza-las armas, que pra eso están. Despois da caída do dictador Somoza en Nicaragua, este país tivo que paga-los intereses do empréstimo que o Fondo Monetario Internacional lle fixera a Somoza (non ó pobo de Nicaragua; nos meses anteriores á fuxida de Somoza evadíronse do país máis de 80.000 millóns de pesetas, quedando no Banco Central só 360 millóns). Pero isto non abondou, e foi a guerrilla mantida polos EUA a que logrou botar por terra ese mal precedente.

Dun país que soñou coa independencia

Outro exemplo. En 1970 Salvador Allende foi elexido presidente de Chile, cousa que moito non lle agradou a algunhas multinacións, como a norteamericana ITT. "Faremos que a economía chilena berre de dor", dixo o *nobel da paz* Henry Kissinger, que era daquela asesor do presidente (dos EUA) pra asuntos exteriores. Suspendéronse tódolos empréstimos a Chile do Banco Mundial e os máis bancos (non sendo os destinados a gastos militares) e o prezo internacional do cobre (importante na economía chilena) caeu. Pero despois non tiveron paciencia e a CIA axudou un pouquiño a Pinochet no seu golpe de estado en 1973; entón os que berraron de dor foron os miles de torturados nos dezasete anos de dictadura que seguiron.

Os EUA non son unha excepción; a CEE e Xapón acércanselles, anque o seu nivel de intrusismo sexa algo menor. Tamén o estado español, inda sendo só unha sombra do que foi, é acreedora do 2,1% da débeda externa de Latinoamérica. O decente sería que o goberno anulase esa débeda; pero, claro, non o fará en canto ese acto de xustiza non sexa de interés pros votantes.

Reasentando indios

Nin tan xiquera os gobernos dos estados expoliados se libran do adxectivo "expoliadores". Resulta que moitos territorios de América inda están ocupados por pobos indíxenas; pobos que os utilizan, *de xeito sostido*, da maneira máis eficaz. Pero o que interesa neste mundo onde o tempo é ouro son os rendementos a curto prazo, e máis tendo unha débeda externa

Os enderezos da asociación Amigos dos Indios aquí e no estado son:

Rubillón - 32435 Avión (Ourense)

Apartado 20174 28080 Madrid.

As leis de Burgos de 1512 daba a cada conquistador dereito a posuír entre 40 e 150 escravos "encomendados"

que medra se non se paga. Pasando por enriba dos dereitos deses pobos, os estados americanos seguen a roubar esas terras —que, prós indios, *son a súa vida*—. Esto está a pasar hoxe en tódolos estados de América, ricos e pobres, dende o Perú tan amigo de aparecer nos informes de Amnistía Internacional deica o "civilizado" Canadá (quitado nos países onde os indíxenas foron xa exterminados, naturalmente). En Brasil, ese mesmo país no que hai un territorio coma un cuarto de Galiza de superficie chamado "Fordlandia" (¿coñécesde de onde ven o nome?), a tribo Parakaná foi "desprazada" e "reasentada" cinco veces en dez anos, conforme as terras onde os puñan iban resultando "necesarias pró progreso nacional".

Hai quen pensamos que a lei do máis forte non debe se-la que rixa as relacións entre os seres humanos nin entre os pobos (nin mesmo entre a nosa e as outras especies). Debemos ser poucos, a xulgar pola realidade. ♦

XOSÉ LOIS CORTIZO AMARO é coordinador de Amigos dos Indios-Galiza

Paul Badura-Skoda

'O Estado apoiou aos músicos xóvenes no Leste e agora vanna ter difícil'

■ VITOR MIGUEZ

Paul Badura Skoda é un dos máis grandes pianistas de todos os tempos. Nacido en Viena no 1927, Skoda amostrou un talento musical excepcional que o levou a fins da década dos 40 a desenvolver un extenso labor internacional como didacta, crítico ou intérprete do piano. Neste senso, os seus éxitos fixeron que durante moitos anos fose o pianista con meirande número de LPs no mercado, gravando con letras de ouro o seu paso pola historia da arte.

Ollando a súa carreira destaca o ingreso no conservatorio á idade de 18 anos, triunfando tan só dous anos despois. Comezou vostede demasiado tarde?

Non demasiado tarde; aínda hai persoas hoxe en día que comezan a súa carreira na adolescencia, de todos os xeitos no meu caso non podemos esquecer a existencia dunha grande guerra. Naqueles momentos era practicamente imposible comezar unha carreira por mor dos grandes conflitos, bombardeos, etc. que daquela azoutaban toda a Europa. a fins da guerra contaba con 18 anos.

Aos vinte anos gaña o Concurso de Música da Austria, acadando así unha beca para as clases maxistras de Edwin Fischer. Que significou Fischer na súa traxectoria?

Fischer foi unha das máis grandes figuras do noso século en todos os aspectos; como pianista, sesenta anos despois nós aínda conservamos grabacións del, o cal é moi pouco habitual. Tamén como profesor e como inspiración foi fundamental, el non só coñecía toda a música, senón que tamén dirixiu orquestras, fixo música de cámara, coñecía bastante a literatura alemá, falaba vários idiomas... Todo iso serviu como exemplo.

Así pois, de non ter conectado con Fischer, a súa traxectoria cando menos sería distinta. É fundamental no mundo da música a axuda dunha figura para saír adiante?

Fundamental non, pero é moi útil que alguén che apoie, pois alcanzar a ser pianista é algo moi, moi difícil. Hai moitos bons pianistas, pero sen embargo hai pouquíssimos grandes pianistas; para ser un grande pianista sempre é necesaria a axuda e mais o apoio.

Co paso do tempo vostede pasa a dar clases maxistras en varias cidades do mundo. Que considera máis importante á hora de adestrar a un xoven, a cuestión técnica ou a inspiración?



Son inseparábeis. A condición de ter inspiración, falo tamén dos compositores, necesita o coñecemento total da arte. E por suposto só a técnica, sen talento e inspiración ou sen coñecemento dos estilos e da súa historia non é suficiente tampouco.

1949 marca unha época importante no seu prestixio como pianista, actuando no Carnegie Hall e en moitas outras salas. Con esta experiencia, cre vostede que existen pianistas perfeitos como din de Ivo Pogorelich?

Ninguén é perfecto. Pogorelich ten as medidas perfectas a nivel de técnica e merece ser admirado. Sei que tocou hai poucos días na Coruña con notábel éxito e polo tanto felicítano porque ademais coñezoo persoalmente. Tamén compre salientar a Vladimir Horowitz, unha figura realmente fantástica aínda que ás veces tivo unha liberdade excesiva antes da aparición dos grandes mestres, e en ocasións isto tamén pajsou con Pogorelich; digo isto coa meirande admiración para este xoven artista.

Vostede compuxo unha misa e varias cadenzas; pero aparte dis-

A condición de ter inspiración necesita o coñecemento total da arte, e por suposto a técnica sen talento e inspiración tampouco é suficiente

to tamén chegou a completar obras de Mozart. É moi difícil chegar a introducir-se nunha obra de Amadeus?

É absolutamente difícil porque se trata do coñecemento da súa arte e do seu estilo. O mesmo pasa con obras doutros compositores, caso de Schubert ou de Bach; compre coñecer todas as súas medidas e todas as súas composicións para

poder imaxinarse como completaría a obra o propio compositor. É algo que se pode asemellar á restauración nas artes figurativas.

Nos tempos que corren os compositores teñen un papel secundario no mundo da música?

Parece ser así, pero a música necesita permanentemente de novas inspiracións e de feito non nos fallan grandes mestres aínda non recoñecidos. Teremos de agardar até o século seguinte para saber quen son.

Na historia recente da música os países do Leste suministraron grandes figuras en todos os aspectos e en todos os instrumentos. Pode a momentánea caída do socialismo ser perxudicial neste senso?

É unha pregunta demasiado difícil. Perxudicial só nun senso porque despois da existencia do comunismo, con todas as súas chatas, virá unha etapa de complexos, confusións e de menos axudas para os xóvenes valores. Unha cousa si teño clara, e é que moitos novos estaban bastante axudados polo estado e agora o seu futuro vailles ser máis difícil. ♦



**UN GRANDE
PIANISTA
PARA UN
PEQUENO
AUDITÓRIO**

VITOR MIGUEZ

Aínda que xa pasou algun tempo sempre é un pracer recordar o éxito absoluto acadado por Badura Skoda na Coruña. Sen recorrer a actitudes artificiais ou a persoalisms inoportunos, o pianista austríaco, cunha interpretación tan espontánea como familiar, volveu pór de relevo a súa condición de auténtica figura a nivel mundial.

Nos dous últimos anos ésta é a segunda vez que Paul Badura nos visita. Que quer dicir isto? pois que por fin as grandes figuras da música mundial teñen na Galiza unha cita cos afeizoados destas latitudes. Orabén, a existencia de grandes actuacións require da presenza de instalacións igualmente magnas, aspecto que non podemos corroborar na nosa visita ao Palácio de Congresos da Coruña.

Son moiots os defectos que nos levan a dicir isto: alén do reducido do programa, as obras están inacabadas; a sala de cámara está a unha altura de tres pisos, e á hora de acceder á principal os prezos non só son prohibitivos para as clases populares, senón que os máis reducidos corresponden a localidades onde o solista se podería trabucar cun punto no horizonte. Iso, claro esta, sempre que a súa condición de estudante non o obrigue a se "acomodar" no vulgar modelo de cadeira pregábel de madeira habitada no anfiteatro ao máis puro estilo "saloon", como xa ten acontecido en máis dunha ocasión. Completen este panorama coas mini-saias das azafatas, co palidísimo vermello do telón (en absoluto adornado por complementos laterais que tapen os suportes metálicos da maquinaria) ou co labiríntico acceso aos camerinos e xa terán todos os ingredientes para se preguntaren se o espectáculo a albergar neste contexto é de música clásica ou de cabaret.

Hora é de que Francisco Vázquez, á parte de aprender inglés, se dé unha volta polo Royal Albert Hall para decatarse de que os grandes auditorios non se meden polo seu tamaño. E é que o recinto coruñés, tan monumental por fora, carece no seu interior deses pequenos detalles que definen a sutil pero importante diferenza entre o grande e a grandeza. ♦

O bosque forma parte da vida. ¡Deféndeo!



A responsabilidade do medio ambiente é de todos. A deforestación ten unha incidencia negativa comprobada no medio ambiente, na climatoloxía, na terra que lle imos deixar ós nosos fillos.

Unha acción positiva co medio ambiente empeza polo cuidado e fomento do bosque. Como unha responsabilidade cara nós e cara ó conxunto das xentes. Podemos traballar plantando e coidando os bosques. Por cada arbre que se perda hai que plantar centos que o substitúan.

Galicia e os galegos temos a posibilidade de ser solidarios na conservación do medio ambiente, e de acadar, ó mesmo tempo, rentabilidade económica.

**Mira o bosque
como fonte de
vida.**



Plan Forestal

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE AGRICULTURA GANADERÍA E MONTES

O trinque

Música

Natureza morta con guitarra, novo disco de Kevin Ayers. O músico británico foi toda unha lenda no rock dos anos 70. Formou parte dos *Soft Machine* e, con Mike Oldfield, criou o grupo *Whole World*. Por certo que Oldfield colabora no disco, que por momentos resulta exquisito. Retirado desde hai ben tempo en Mallorca, Ayers parece estimulado pola suavidade mediterránea.

Cine en televisión

O último tango en París. Unha gran película para volver a ver agora con calma en *Butaca Especial*. A noite do sábado na TVG (versión orixinal subtitulada). ♦

Novas sensuais



MC / A CORUÑA

Cuchus e Marcos Teira deron un recital do seu xénio artístico, flamenco misturado, no Momo de Compostela. E, con efecto, dá gusto ouvílos, aínda que este tipo de concertos non se dé con moita frecuencia, é unha música que non fai mal e entra. Eles atópanse ben, disfrutan e trasmiten.

Nas Crechas, mentres, festa rachada, con celebración, por ese tempo que leva facendo pátria.

Suso de Toro, coa súa novela en portas. "É un dos que prometían e saíron á luz", di Abuin de Tembra, quen pensa que hoxe en día "hai un fato de xente xoven que non ten problema para escribir calquer cousa, en verso ou en prosa. Se se lles dá unha oportunidade poderían causar sorpresas positivas".

Sorpresas positivas. É o que se necesita. Unha outra cousa. E Miro Villar coñece tamén "algunha xente que ten moito que dicir sobre o asunto". Un cambio, en resumo. Orixinalidade nas formas e no fondo, como tamén entende Víctor

Freixanes, entregado á teima de conseguir que os autores dispoñan no mercado de tantas cópias como Manolo Rivas, "nun ano, sete mil millóns de vacas", cousa francamente difícil, sobretudo tendo en conta que "a lectura neste país non ten o encandilamento doutras histórias". Tamén crítica as fórmulas institucionais no tocante ás subvencións ao mundo editorial que, "aínda que non discorran con máfe, a dinámica da xente que leva o tema consiste en apagar un lume cunha pinga de auga". Porén, as cousas van adiante, "aínda que sexa a trancas e barrancas, porque hai un fato de xente empeñada en que saian".

A equipa de atestados da Garda Civil destacado en Compostela convidáanos a uns risos. Textual: "Diligencia de identificación del animal atropellado. En el lugar del accidente se procedió a la identificación del animal atropellado, que resultó ser don José Manuel V.P., nacido en X., el día 4 de enero de 1942, hijo de J. y E., casado, de profesión peluquero, con domicilio en Porto do Son, con D.I. número 10.743.413". ♦

Exposicións

Fernando Casás
Até o día 10 de Abril estará n Galería Trinta de Compostela (Rúa Nova, 30) unha mostra da obra recente deste artista nacido en Vigo pero formado no Brasil. A mostra inclúe unha obra en poliéster de grande formato, unha instalación, unha escultura e case dúas decenas de cadros de medidas convencionais. Até o día 4 de Abril estará aberta outra mostra deste artista na Casa da Parra de Compostela, tidaada "Ocos de Fernando Casás", unha obra realizada en poliéster de gran

Ortega Muñoz
Exposición antolóxica no Centro Cultural Caixavigo. A mostra componse de 56 óleos, que nos ofrecen unha visión da traxectoria artística deste lpintor desde os anos 20, até o comenzo dos 80.

Carmen Rial Guijarro
Até o 6 do próximo mes estará aberta a exposición de pintura e cerámica desta autora na Sala de Arte Caixavigo, na rúa Policarpo Sanz 24, galerías, Vigo.

Voilà la femme
Obras de mulleres: Maika G. Novoa, Yolanda Herranz, Menchu Lamas,



Obra de Fernando Casás, técnica mista, 1990.

Raquel Blanco, Berta Cacán, etc. no Ateneo Santa Cecilia de Marín, até o día 19.

Ramón Parada Justel (1871-1902)
A partires do día 18

poderase ver no Edificio "Sarmiento" de Pontevedra, esta mostra realizada pola Consellería de Cultura e Xuventude

Leopoldo Varela
Oleos e acuarelas até o día 30 na Sala de Arte do Banco Bilbao-Vizcaya

(Colón, 17. A, andar 4) de Vigo.

Mostra fotográfica Freixido

Do 15 ao 22, na Casa da Cultura do Concello de A Rúa, organizada pola Sociedade Cultural e Deportiva Freixido.

Arquitectura para o rural

No Colexio de Arquitectos de Galicia, en Compostela, mostra dos modelos arquitectónicos gañadores do "Concurso de Vivendas Unifamiliares no medio rural de Galicia". Casa da Conga, Compostela.

Alex Vázquez

Mostra até o día 23 na Nova Sala de Exposicións de Caixavigo, Policarpo Sanz, 26, primeiro, Vigo.

Encarnación Penelas

Pinturas na Galería Citánia de Compostela.

Bombeiros: ferro, auga e fogo

Mostra de 300 fotografías no Teatro Principal de Pontevedra ♦

Anúncios de balde

Desexaría ter correspondencia con filatélicos para cambiar ou mercar selos novos ou usados, sobros ou postais antigas da Galiza. Interesados escribir a Xosé L. Veiga. Rúa Mallorca 7, S/Atco. 43001 Tarragona.

Grupo de teatro afeizoado necesita actrices e actores para obra en montaxe. Chamade ao tlf. (986) 23 17 81 de 14 a 15h e de 21h en diante.

Quero coñecer xente que me informe sobre Irlanda, preferentemente sobre a zona de Galway. Xesús Vázquez Prado. Rúa das Fraguas, 21, 1º. 15703 Compostela.

En Vigo, véndese piso na Avda. de Castrelos, frente ao parque, exterior, calefacción. Oito millóns. Telf. 29 87 09

Vendo LPs e cassettes de Heavy, Thrash e outros estilos variados, usados pero en bo estado. Chamar ao Tlf. (981) 32 53 46. Preguntar por Oscar, os sábados e domingos ao mediodía.

Búscase persoa para compartir piso en Vigo, zona Torrecedeira. Chamar a partir das 2 ao tlf 43 74 33, preguntar por Carne.

O Comité Cidadán Galego Anti-SIDA informa que permanecerá aberto os martes, xoves e venres de 16 a 21h. Ademais está o Apdo. de correos 117 de Compostela.

Cabuxa Distribuidora. Nacionalismo e Anarquismo (Materiais para o diálogo). Lixo urbano (Fanzine): Número 0. E máis libros, discos, maquetas e fanzines. Pedir catálogo ao Apdo 259. 15080 Compostela. Mandar os selos.

A Rota dos Baleeiros, cartafol de poemas, con textos

de Francisco Alonso ("Cada tres meses e un día"), Paco Souto ("Morte de ser cidade") e Miro Villar ("A nudez do carambeto"). Prólogo e deseño da portada de Alfredo López "Tokio". Distribúe "Edicións do Dragón". Rúa Escultor Asorei, 8 baixo. 15704 Compostela. Tlf (981) 76 23 31. Envíos por reembolso. Prezo: 700 pts máis gastos.

Talia Teatro de Cee (A Coruña) oferta os espectáculos **Gaivotas subterráneas** de Alfonso Vallejo e **O rei aborrecido** de Xesús Pison. Condicións cénicas: Alto: 3m. Boca: 5m. Fondo: 4m. (mínimos). Contratación tlf (981) 74 72 29 e 74 68 26. Apdo Correos 62. 15270 Cee (A Coruña).

A todos os estudantes da nosa Nación: somos un **Ateneo Cultural de Intervención**. Chamamónos **Liga Libidinal-Iconoclasta de Acción Estudiantil**. Estamos a preparar unha revista

feita por estudantes de toda Galiza. Precisamos colaboracións: artigos de opinión, experiencias culturais ou político-organizativas, fotografías... Enviade o material a Apdo de correos 5410 de Vigo. Graciñas.

Licenciada en Historia Contemporánea **busca traballo relacionado co ensino, editoriais, librerías, prensa...** Tlf (986) 30 13 67. Preguntar por Victoria.

Se pensas que xa abonda de exterminio de povos indíxenas e queres axudar a evitalo, ponte en contacto con **Amigos dos Indios**; escribe a Xosé Luis Cortizo, 32.435 Rubillón, Avión (Ourense).

Estou a realizar unha tesina e necesito material (panfletos, "pásalos", revistas, documentos...) e calquer tipo de información sobre o **Movimento Estudiantil Universitario en Galiza na década dos 70**. Por-se en contacto con Carlos Morais, Rúa Pe-

xego de Arriba, 15 A Primeiro. Santiago de Compostela.

Vende-se **micro-ordenador Inves-Spectrum**, cassette corder TCM-848 Sony, completo lote de programas (utilidades e xogos) no que engado video-aventuras en galego; revistas e libros de informática. Todo en bon estado. Prezo a convir. Chamar a Miguel: Tlf (981) 24 54 40.

Estrela Galiza distribuidora. **Distribución alternativa** de material tamén alternativo: publicacións de resistencia; prensa contrainformativa; fanzines, camisetas, discos e cintas de música non comercial, etc. Podedes pedir o catálogo a: K.E.G. Apdo 660. Ourense (agradecese que mandedes selos para a resposta). Se queredes saber calquer outra cousa de nós, algunha colaboración, algunha información non dúbidas en escribir a K.E.G., Casa da Xuventude, R/ Celso E. Ferreiro, 27. 32004-Ourense. ♦

Actos

Inovación Didáctica na Educación Física

Estas Xornadas, que se van celebrar no **Concello de Fene** durante os días 28 e 29 de Marzo e 5 de Abril, pretenden dar a coñecer a mestres, animadores, adestradores, e en xeral, a persoas relacionadas co deporte os contidos da Educación Física máis innovadores, e que actualmente desprazan aos tradicionais, tanto nas actividades na escola coma nos centros recreativos e de animación. Ademais pretende servir de guía practica das novas tendencias didácticas, para máis información dirixirse á Comisión de

Cultura, Xuventude, Ensino e Deportes, Casa do Concello, 3. 15500 Fene. Tlfs. 34 03 66 / 50.

Marzo Muller-92

Este é o ciclo organiza-

do polo Ateneo de Redondela, que inclúe, entre outras actividades, unha exposición de obras da pintora Ana Pasarán. Casa da Cultura de Redondela. ♦



Publicacións

Andaina

Xa está na rua o número 2 da segunda época desta revista, editada polo Movemento Feminista Galego, que quer ser punto de encontro e de debate para as mulleres que están a pensar e a facer o feminismo no traballo, no fogar e na rua. Aparte das seccións habituais como "Celebridades", "Denuncias e comentarios", "Libros" ou "Cine", neste número atoparedes un amplo dossier sobre "Muller e poder"; un informe sobre a situación das traballadoras do fogar; un acercamento á situación das mulleres en Guatemala e nas comunidades xitanas; a situación da muller fronte á SIDA. E ademais a situación dos centros de atención aos adolescentes en anticoncepción e sexualidade, a "lei Corcuera", e o Colectivo de Mulleres Ensinantes "Do Rosa ao Violeta", entre outros temas. A podedes atopar en algunhas librerías e kioscos ou nos locais dos grupos feministas da vosa localidade, ao prezo de 400 pts.



pondente á primavera-92, ven adicado ao lagarto. Contén entrevistas ao Catedrático de Comunicación Audiovisual Romá Gubern e ao artista plástico Alvaro de la Iglesia; un espazo sobre Portugal; un dossier central ambientado en rosa e adicado ao amor; unha reportaxe sobre Lugo e moitas máis cousas: okupas, Matarile Teatro, Os Diplomáticos de Montealto, cómic,

Anima+L

O número 3 desta revista, corres-

Cine



Homenaxe a Billy Wilder

Dentro do ciclo programado polo Centro Cultural Caixavigo. O día 20 proxectarase *Un, dous, tres* (1961); o día 23 será *Irma a doce*, filme de 1963; o día 26 *En bandexa de prata*, feita en 1966. Para rematar o ciclo proxectarase un filme do ano 1938, *A oitava muller de Barba Azul*, dirixido por Ernest Lubitsch e do que Wilder é coguionista, tarefa na que destacou antes de pasar a dirixir os seus propios filmes.

Campaña de Cine Escolar

Dirixida ao ciclo inicial de EXB, o día 20 ás 10h proxectará no Auditorio do Centro Cultural Caixavigo o filme *As aventuras de Chatrán*.

Cine de Mulleres

O Cine Clube de Pontevedra programa este ciclo en conmemoración do 8 de Marzo. O día 23 proxectarase o filme *Nea*, o día 24 *Julia*, e o día 27 o tiduado *De certo xeito*. Ademais o día 25 en programación ordinaria pasarase *The fruit machine*, filme dirixido por Philip Saville en 1988. Todos os países serán ás 22h no Teatro Principal de Pontevedra.

música, fotografía, cine... Edita "Edicións Positivas" e costa 400 pts. Para calquera tipo de comunicación coa revista dirixirse ao apdo. 699 de Compostela.

O Berro Mouro

A Asociación Xuvenil de Cabral "Lagares" (Vigo) edita esta revista trimestral que se entrega de balde a todos os asociados da AAVV de Cabral. En este número faise unha análise da división veciñal do barrio e ademais: actividades, ¿que significa autodeterminación?, banda deseñada, creación literaria, música, ideas, pasatempos, novas, a medicia popular na Galiza, etc.

Xistral

Saiu á rua o número correspondente ao primeiro trimestre do ano desta revista do Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo. Amáis das seccións habituais de novas, humor, ou "vendo e aprendendo", neste número faise un repaso á actualidade da Galiza, fálase da Xeración Nós, da nosa Prehistoria, da cerámica de Sargadelos, do Antroido, entre outros temas. ♦

Música

Orquestra Sinfónica da Rádio de Viena

O día 20 ás 21h actuará no Auditorio de Galicia, en Compostela, interpretando obras de Falla, Brahms, e Dvorak.

Coral Ondarreta de Bizkaia

O 20 ás 20,30h, actuarán no Templo Novo de Marin os máis de 100 integrantes desta agrupación, acompañados do Cuarteto de Cordas Scherzo. Interpretarán pezas de Mozart, Rossini, Uruñuela, Haydn e outros. Organizado polo Ateneo Sta. Cecilia.

Cuarteto Haydn de Bruxelas

Concerto do día 23 na Sala de Concertos do Centro Cultural Caixavigo, organizado pola Sociedade Filarmónica. O día 26 actuarán no Auditorio da Casa de Cultura de O Barco dentro da programación do Ciclo Musical Primavera-92.

Ciclo de Solistas

No Pazo de Congos de A Coruña, e dentro deste ciclo, actuarán o día 20 Midori (violín) e Robert McDonald (piano).

Laura e Marina Quintillán

Dentro da programación para xoves que ofrece o Auditorio de Galicia o día 18 actuará este dúo de violinistas.

Michael Nyman Band

Actuación o día 25 na Sala de Concertos do Centro cultural Caixavigo dentro do Ciclo de primavera organizado polo concello de Vigo.

Peter Bithell

Temporada de abono no Centro Cultural Caixavigo. Concerto de piano o día 24. ♦

A crítica

Progreso versus tradición

XURXO ESTÉVEZ

Es alcalde e queres que na tua cidade haxa boa música, supón. O lóxico sería -estás convencido diso- investir toda a pasta nun único proxecto, seleccionar instrumentistas de todo o mundo e montar un orquestrón de lustrísima carapela.

Sairán axiña, sábelo, os de sempre, os atrasados, eses cincocentos grupúsculos marxinais de rock and roll, música tradicional, folk electrónico, coros, bandas, solistas, a reclamar a tua cabeza izada na punta dun fungueiro. Canta burramía, pensas. E ti, inxénuo, que lles querías ensinar inglés?

Faraón, megalómano, esquizoide, tirante, mais ti sabes que te apoia o povo, que te ama e vota como a nengun outro en toda a península. Es o máximo, es o Maradona dos concellos, a punta de lanza na pugna do progreso coa tradición.

Abaixo as vacas? Morran as bateas, patacas, gaiteiros? A estudar nipón, lingua do futuro, ou tal vez francés -voltará con forza- con Le Pen ao mando.

Coruña ou Madrid, -aínda non o decidiches, difícil elección- para o acto de estrea. Pasarás logo, polas mesmas nápias, aos de Santiago e Vigo o superior orquestrón, onde non hai galegos, para que babeen de envexa do teu grande talento, da tua imensa torre herculínea, a tua primeira división! A cidade máis aparcamentada do mundo e que é tua, tua?

A belísima camareira portorriqueña serviu a terceira ronda. Manuel Soto, o millonário, sempre tan sóbrio pasou. Un chisquiño cocido, o amigo Telmo, propietario da guisquería na que relaxaban agora, logo dunha densa xornada de negocios, miraba displicente a Pelé falar polos cotovelos, entusiasmado coa fábrica de calzóns vaqueiros. Empresario audaz, opción de progreso, apostaba forte na moda galega feita no estranxeiro.

Deulle tres caladas e pasoullo a Verónica. Estaban sonados e non era do porro, viña xa de antes. Como non estalo se o conflito "progreso versus tradición" viaxaba con eles tres veces ao día, da astronave ao casco, ida e volta eterna?

Uns cantos xuraban na Biblia ao son de mil gaitas para así subvencionarnos por follar a pelo un terceiro retoño: a Tradición. Outros soñaban con montar o Metro, aproveitando tantos furados subterráneos de gardar os coches e transformar Alvedro en Cabo Cañaverl: o Progreso.

Mais -por Deus, o desconcerto?- os primeiros tamén instalaban hiperembaixadas informatizadas na capital do império e iso era Progreso e os do Progreso eran futboleros e edificaban rancieros paternóns en cada canteira e iso era o atraso.

Será un único can en vez de dous conceptos e os seus protagonistas idéntico rabo?

Verónica acelerou o repique das baquetas da caixa da batata. El rasgou a guitarra cantando, salivando o micro, voz chirriante polos altavoces, material barato de terceira man, son ruín -sen apoios- dun grupo esforzado. ♦

Teatro

Mishima

Os días 21 á 22,30h e o día 22 ás 20h *Sarabela Teatro* representará a obra *Madame de Sade* do escritor xaponés no Centro Cultural Caixavigo.

Valle Inclán

No Teatro Rosalia de Castro da Coruña até o día 28 ciclo adicado ao teatro de Valle a cargo do Centro Dramático Nacional. ♦



CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE

DOSTOIEVSQUI NA PRAZA DO HUMOR!

■ MANOEL RIVEIRO LOUREIRO

Non sei que dicirle a Víctor, non sei. Máis que imaxinalo, estou vendo alá esperando a miña carta, e non sei que lle dicir. Sabendo como el é, dou por certo que a súa espera se irá facendo máis e máis impaciente, ata que estoupe por fin nunha chamada telefónica reclamando a explicación prometida. Imprudente que eu fun, prometéndolle explica-lo que non ten explicación. Emporiso eu coidei que a tiña; que algunha explicación tiña que ter..., pero por moito que fixen non din con ela. E quen podería facilitarme, deu a calada por resposta ós meus requerimentos de información. A xentía que goberna o Concello da Coruña saca peito e ronca forte por cada cousa que fai, pero logo non sabe e/ou non contesta cando alguén quere sabe-lo porqué dalgún groso despropósito, tamén chamado metedura de pata.

Temos aquí na Coruña unha Praza do Humor que debe ser única en España, como únicos son os que a mandaron facer. Esta praza sen par (e sen par ten que ser, que outra coma ela non pode haber) acadou tanta sona no mundo, que cando Víctor veu dar unha volta nas vacacións logo dixó que quería ir visitala. Eu funo deixando estar por se esquecía a tal visita, pero non, que el volveu falar do caso, e non tiven máis remedio que levalo alí. Fixen a mantenta por que a visita fose nocturna, e así foi que o levei unha noite ben tarde. Pero por moito que o tentei non din tapado co meu corpo, non logrei desviar a súa atención, nin puideron evitar que el vise... xusto aquilo que el non tiña que ver.

E así foi bater cara a cara co obxecto da miña preocupación. O seu abraio foi inmenso:

—¿Pero que fai aquí Dostoiévsqui?!
¿Pero... pero como é posible?! ¿Pero como pode ser que poñan aquí a Dostoiévsqui?! ¿Pero a quen se lle ocorre poñer aquí...?!

Víctor mirábame con ollos alucinados, en escandalizada interrogante. E eu, que coa cabeza ensumida entre os ombros non sabía que lle dicir, abrí os brazos finalmente en sinal de impotencia.

Tamén eu sentira ese mesmo abraio, aunque non tan forte, o día que fun mirar aquela tan pregoada Praza do Humor, entón recién inaugurada. O alcalde coruñés, na súa desbocada propaganda, proclamaba a orixinalidade da tal praza, afirmando que se trata da primeira homenaxe mundial ós grandes humoristas da literatura universal. Mais velai que entre as figuras alí representadas de autores como Oscar Wilde, Jonathan Swif, Mark Twain, Bernard Shaw, William Shakespeare, Antón Chéjof, Moliere, Bocaccio, Andersen..., figuraba asemade para pasmo de calquera nada menos que Dostoiévsqui. Tiven que mirar varias veces ata convencermos de que, verdadeiramente, aquelas eran as trazas e aquel era o nome de Fiódor Mijáilovich Dostoiévsqui, exhibido alí no seu carácter de eminente autor de obras humorísticas.

Eu podo que se pode definir a dostoiévsqui de moitas maneiras e se lle poiden chamar moitas cousas, pero non me cabe na cabeza que alguén o poida calificar de humorista senón que estea ben borracho. O calificante, non o calificado. Está visto que as alcadedas culturalistas, a máis de pedantería, teñen tamén non pouca orixinalidade. Os municipios coruñeses

veñen aplicándose con esmero a correxir-la realidade do noso país, influíndo nas tendencias populares mediante as festas e os actos culturais. Por exemplo fomentando en imitación paifoca o ambiente "rociero" ou a feira de abril sevillana.

Soamente nese conxeito acultural pódese entenderse a presenza de Dostoiévsqui como autor humorístico na Praza do Humor coruñesa. O encontro de Víctor coa figura e o nome do gran escritor ruso en semellante lugar, foille ben traumático. Eu dábaos xa por descontado, pero non llo puideron evitar. Este entrañable compañeiro, criándose lonxe en circunstancias moi duras, ten padecido fortes crises anímicas por culpa de lectura das novelas de Dostoiévsqui. As obras deste autor atraían ó xove Víctor cunha forza morbosa, e asemade sumíanos nunha forte depresión da que moito lle custaba saír. Velai o motivo do seu tantísimo abraio, e non menos alporizamento, diante da increíble clasificación que se fixo aquí do seu amado e temido Dostoiévsqui.

Quedei de informarme debidamente para mandarlle despois a oportuna explicación de tan insólito feito. Pero non me foi posible recadar información ningunha, xa que polo visto o Concello coruñés non é quen de explicar o que semella inexplicable. As preguntas dirixidas á Concellería de Cultura e á Alcaldía en xenllos escritos, ficaron finalmente sen resposta.

O que vou facer é mandarlle a Víctor este mesmo artigo que estou a rematar, como peza desculpante do incumprimento da miña promesa. En canto ó Alcalde, e ó irresponsable de Cultura, que Deus (e Dostoiévsqui) os perdoe. ♦



TRES EN RAIA

Outros centenários

■ XOSÉ A. GACIÑO

Cada un comenta, recorda ou celebra a historia segundo lle vai nela. Non é neutral a escolma de datas históricas para a súa conmemoración solemne. Tampouco é neutral, por suposto, a orientación oficial dese tipo de conmemoracións, e non se creba nengunha neutralidade se aproveitamos a ocasión para o repaso crítico.

Maravillosa conmemoración estética, por exemplo, a que ven de inaugurarse en Granada, cando se cumpren cincosentos anos da caída do reino nazarí: unha exposición que reúne as máis espléndidas mostras do arte islámico andaluzí, o que pode ser tanto como dicir o máis espléndido do Islam e de Andalucía. Tempos aqueles, mitificados na distancia, quizais porque os tempos que viñeron despois non foron —non son— precisamente de esplendor, nen para Andalucía nen para o Islam.

Enternecedora conmemoración exculpatoria a que leva por nome "Sepharad 92" (Sepharad: belo nome sefardí de España, plasmado na poesía resistente, como de desterro, de Salvador Espriu), en recordo da infamia intolerante daquel 31 de Marzo do 1492, cando os "Reis Católicos" decidiron, coa expulsión dos xudeus, que a modernización da unidade estatal que estaban a pór en marcha tiña que pasar pola uniformidade relixiosa, entre outras uniformidades institucionais e culturais (que Galiza, daquela xa levaba uns anos padecendo), mesmo uniformidade lingüística: conmemoramos tamén os cincosentos anos de primeira gramática en castelán.

Aquel importante traballo filolóxico tampouco era neutral: o seu autor, Nebrija, sabía perfectamente, e expresouno explicitamente, que a lingua é compañeira do imperio.

A conmemoración por excelencia do 92, a do "Descubrimento", ten tantas lecturas como intereses se cruzaron, e aínda se cruzan, dun lado ao outro do Atlántico e dunha punta á outra do continente americano. A peor parte foi —é— para os que nunca puideron facer nengunha lectura, para os que nunca tiveron a oportunidade nen sequer de comprender por qué a súa cultura, a súa vida, se desplomaba coa presenza daqueles intrusos prepotentes que lles levaban a destrución da pólvora e da sífile. ♦

VOLVER AO REGO

O 8 de Marzo é o día da Muller. Pero o 17 xa non. O 17 de Marzo un home suicidouse despois de matar á súa filla e á súa muller, que o tiña denunciado por maos tratos. Foi en L'Hospitalet de Llobregat. O mesmo día, en Málaga, outro home matou á súa filla de 18 días despois dunha discusión coa súa compañeira que lle tendera mal os pantalóns. Duas semanas atrás, en Vigo, outro marido enterrou viva á súa filla porque creía que non era filla del. Le Pen é un varón. ♦